

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

Estatutos da Mancomunidade das Mariñas (A Coruña)

Título preliminar

Disposicións xerais

Artigo 1º.- Composición e denominación

- 1.-Os concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, todos eles da provincia da Coruña, constitúen unha mancomunidade, sen prexuízo dos que poidan incorporarse no futuro conforme ás previsións estatutarias e legais.
- 2.-Recibe a denominación de “Mancomunidade das Mariñas (A Coruña)”.
- 3.-Os estatutos determinan as particularidades do seu réxime orgánico, funcional e financeiro.
- 4.- O seu ámbito territorial será o dos termos municipais dos concellos integrantes da entidade.

Artigo 2º.- Natureza e principios de actuación

- 1.-Servirá con obxectividade aos intereses públicos, actuando conforme aos principios de eficacia e servizo á cidadanía, descentralización, desconcentración e coordinación, con autonomía propia e sometemento pleno á lei e ao dereito.
- 2.-Conforme aos criterios de reciprocidade nas súas relacións con outras administracións públicas, rexeráse polos principios de colaboración, cooperación, auxilio e respecto aos respectivos ámbitos de competencias.
- 3.-Ten natureza de entidade local non territorial e goza de personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar para crear, instalar ou xestionar servizos e actividades de interese local e común, para realizar e conseguir as finalidades públicas que constitúen o seu obxecto, entendendo como servizos públicos locais cantos tendan á consecución dos fins sinalados como da competencia das entidades mancomunadas.
- 4.-En consecuencia, para o cumprimento do seu obxecto e fins e o ámbito das súas competencias, de acordo coa Constitución e as leis, corresponde a esta mancomunidade de municipios, para a prestación dos servizos ou a execución das obras da súa competencia, as potestades sinaladas no apartado 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sempre que sexan precisas para o cumprimento da súa finalidade, e de acordo coa lexislación aplicable a cada unha das devanditas potestades.

Ademáis, terá plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens, formalizar contratos, establecer e explotar obras, servizos ou actividades públicas, obrigarse, interpoñer os recursos establecidos e exercer as accións previstas nas leis.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.Mancomunidadeam.org> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

5.-Poderá utilizar calquera das formas de xestión de servizos, directa ou indirecta, previstos na lexislación de réxime local, substituíndo ás entidades mancomunadas.

Artigo 3º.- Domicilio

1.-O domicilio da mancomunidade e os seus servizos xerais estará no Lugar de Bos, Naves O Carballal, 4 - Guísamo – Bergondo (A Coruña).

2.-Non obstante, o Pleno, ou calquera outro órgano complementario, poderá realizar as súas sesións en calquera das sedes das entidades mancomunadas ou das instalacións afectas aos servizos que preste.

3.-O Pleno poderá modificar o domicilio, o cal se lles notificará a todos os entes mancomunados, facéndose público no *Boletín Oficial da Provincia*, no *Diario Oficial de Galicia* e nun xornal de grande difusión, e comunicaráselle á Administración estatal e autonómica.

4.-Os servizos especializados da Mancomunidade poderán instalarse en calquera dos concellos mancomunados, segundo o acordo do Pleno.

Artigo 4º.- Duración

Establécese con carácter voluntario, e constitúese por un período de tempo indefinido, e mentres subsistan as competencias das entidades mancomunadas e o obxecto e fins de interese común e público encomendados.

Artigo 5º. Obxecto e fins

1.- Constitúeno:

a) Prestación do servizo de recollida, transporte, tratamento e eliminación do conxunto de residuos, e de ser o caso, cantas outras competencias lle atribúa a lexislación xeral ou sectorial nesta materia.

b) Servizo de lacería e canceira municipal.

c) Dentro da competencia de avaliación e información de situación de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou en risco de exclusión social, a Mancomunidade exercerá a información, orientación e apoio xurídico social e laboral a persoas en situación ou en risco de exclusión social.

2.- A Mancomunidade poderá á vez asumir calquera obra e servizo dos concellos mancomunados ou doutra entidade do sector público a través do procedemento legalmente establecido.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

Artigo 6º.- Réxime xurídico

1.-A Mancomunidade réxese polo dereito administrativo.

2.-En materia de procedemento administrativo será aplicable a todas as actuacións da mancomunidade a lexislación vixente do réxime local e do réxime xurídico das administracións públicas, que se desenvolverá conforme aos principios de racionalidade, economía e eficiencia da xestión.

3.-Os acordos e resolucións da mancomunidade serán impugnables en vía administrativa e xurisdiccional de conformidade co establecido na lexislación de réxime local e xeral.

4.- A publicación dos acordos e resolucións da Mancomunidade farase nos boletíns e diarios oficiais nos que legalmente proceda.

Artigo 7º.- Quórum especial

Cando en virtude de disposicións legais ou destes estatutos, se esixa un quórum especial de maioría absoluta do número legal de votos asignados aos membros do Pleno e do número de representantes das entidades mancomunadas, na adopción de acordos polo dito órgano, entenderase que existe aquela cando os votos favorables sumen a metade máis un do total de votos asignados ao Pleno, así como o voto favorable da metade máis un do número de representantes das entidades mancomunadas.

TÍTULO I

Réxime orgánico

Capítulo I Da organización

Artigo 8º.- Órganos de xestión e goberno e órganos complementarios

1.-Rexen a Mancomunidade os seguintes órganos de xestión e goberno:

- a)O Pleno ou consello de dirección
- b)A Presidencia
- c)A Vicepresidencia

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

2.-Son órganos complementarios da mancomunidade as Comisións Informativas e a Xunta de Voceiros.

Artigo 9º.- O Pleno ou Consello de dirección. Composición

1.-O Pleno, supremo órgano de goberno da mancomunidade, o que personifica e representa con carácter de corporación de dereito público, está integrado polo/a alcalde/sa ou polo membro da corporación que designe o Pleno de cada unha das corporacións locais que forman a Mancomunidade.

2.-Asistirán ás xuntanzas do Pleno, con voz pero sen voto, o/a secretario/a e o/a interventor/ra da mancomunidade, así como, cando sexa requirido para iso, o/a xerente, ou calquera outro persoal especializado na materia que se vaia tratar.

3.-Cada un dos membros mancomunados disporá do seguinte número de votos no Pleno, calculado en función da poboación de cada concello resultante do último padrón aprobado a 31 de decembro, segundo datos oficiais proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística e agrupados en tramos de 5000 habitantes segundo o seguinte detalle

Habitantes	Votos
0-5000	8
5000-10000	9
10000-15000	15
15000-20000	16
20000-25000	23
25000-30000	24
30000-35000	25
35000-40000	28
40000-45000	30
50000 en adiante	32

Resultando para o ano 2020 do seguinte xeito:

Municipio	Habitantes	Votos
Abegondo	5406	9
Bergondo	6633	9
Betanzos	12959	15
Cambre	24648	23

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.Mancomunidadeam.org> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

Carral	6408	9
Culleredo	30402	25
Oleiros	36075	28
Sada	15841	16
Total	138372	134

4.-Os votos correspondentes ás entidades mancomunadas, serán actualizados, se procede, cada vez que se actualicen as cifras de poboación.

5.-As actualizacións previstas no número anterior non terán a consideración de modificacións estatutarias, e, polo tanto, non se requirirá seguir o procedemento previsto nestes estatutos para a súa modificación.

Artigo 10.- A Xunta de Voceiros/as

1.- Os concellos que integran a Mancomunidade As Mariñas nomearán dous vogais que, presididos pola presidencia, integrarán a Xunta de Voceiros/as, de acordo co expresado no artigo 9.bis 2, e que terá as seguintes funcións:

a) Acceder ás informacións que a Presidencia lles proporcione para difundila entre os membros de cada grupo. Para estes efectos, transcorridas 24 horas desde a comunicación, calquera información fornecida á Xunta de Voceiros presumirase coñecida polos distintos grupos.

b) Canalizar as peticións dos grupos en relación co seu funcionamento e coa súa participación nos debates corporativos.

c) Solicitar información doutras administracións públicas sobre materias de interese para a Mancomunidade, a proposta dalgún grupo e previo acordo.

d) As demais funcións que lle atribúa o Regulamento Orgánico.

2.- A Xunta de Voceiros/as estará integrada por dous membros de cada un dos concellos que conforman a mancomunidade de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación. A maiores, poderán asistir á vez os alcaldes e alcaldesas de cada corporación da mancomunidade.

A adscrición concreta a Xunta de Voceiros/as dos voceiros e das voceiras das distintas corporacións que deban formar parte desta en representación de cada grupo realizarase mediante escrito do pleno de cada concello dirixido á Presidencia, e do que se lle dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, unha persoa suplente por cada titular.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.Mancomunidadeam.org> (O Código de Verificación garante, mediante o contexto na sede electrónica, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

3.- A Xunta de Voceiros/as terá sempre carácter deliberante e nas súas sesións non se adoptarán acordos nin resolucións con forza de obrigar a terceiras persoas.

A presidencia convocará a Xunta de Voceiros/as, polo menos con 24 horas de antelación, por iniciativa propia ou sempre que o soliciten a terceira parte dos voceiros/as sen que poidan solicitar máis de tres xuntas extraordinarias nun ano. A Xunta de Voceiros/as convocarase, en todo caso, con carácter semestral. No suposto de sesións convocadas a solicitude dos voceiros/as, a celebración da Xunta de Voceiros/as non poderá demorarse por máis de dous días hábiles desde que fose solicitada.

Artigo 11º.- Duración do mandato

O mandato de cada representante municipal na Mancomunidade rematará cando deixe de ser membro da corporación que representa. Non obstante, ao finalizar o mandato de catro anos ao que se refire a Lei de réxime local, as persoas representantes cesantes continuarán nas súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a constitución da nova corporación.

Artigo 12º.- Elección e cesamento da Presidencia e Vicepresidencia

1.-A Presidencia e Vicepresidencia serán designadas polo Pleno, conforme ao quórum especial de maioría absoluta establecido polo artigo 7º, cesando nos seus cargos se se producise algunha das seguintes circunstancias:

a) Cesamento das súas funcións por parte do Pleno, co quórum especial de maioría absoluta do artigo 7º.

b) Renovación da corporación que representan.

c) Perda da condición de membro da corporación que representan.

2.- Unha vez que a Presidencia e Vicepresidencia finalicen o seu mandato, continuarán exercendo as súas funcións para a administración ordinaria ata que o Pleno designe a quen as substitúa.

Artigo 13º.- Competencias da Presidencia e Vicepresidencia

1.-A Presidencia do Pleno, que será tamén a da mancomunidade, posúe, en todo caso, as seguintes atribucións:

a) Dirixir o goberno e a administración, velando polo cumprimento dos estatutos.

b) A representación legal e a sinatura de cantos documentos públicos ou privados sexan necesarios ou útiles para o cumprimento dos seus fins.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

c) Convocar e presidir as sesións do Pleno, agás os supostos previstos na lexislación do réxime local, e de calquera outro órgano da mancomunidade, e decidir os empates con voto de calidade.

d) Dirixir, inspeccionar e impulsar as obras, servizos e actividades, xestionando a resolución dos problemas que o afecten, ordenando os informes, estudos e consultas pertinentes.

e) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas na lexislación das facendas locais a outros órganos, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10 por 100 dos seus recursos ordinarios, agás as de Tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por 100 dos ingresos liquidados no exercicio anterior; ordenar pagamentos e render contas; todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

f) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

g) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal, e acordar o seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo do persoal da mancomunidade e o despedimento do persoal laboral, dando conta ao Pleno, nestes dous últimos casos, na primeira sesión que realice. Esta atribución entenderase sen prexuízo do disposto no artigo 92.bis da Lei reguladora das bases de réxime local.

h) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da mancomunidade nas materias da súa competencia, incluso cando as tivese delegado noutro órgano, e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste suposto dándolle conta a este na primeira sesión que realice para a súa ratificación.

i) A iniciativa de lle propoñer ao Pleno a declaración de lesividade en materias da súa competencia.

j) Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos e grave risco destes, as medidas necesarias e axeitadas dándolle conta inmediata ao Pleno.

k) Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas, agás nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.

l) Competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de 6 millóns de euros, incluídos os de

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a 4 anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

l) Adxudicación de concesións sobre os bens destas e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

m) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos da mancomunidade.

n) A organización e o control dos servizos administrativos e técnicos da mancomunidade, así como dirixir, impulsar e inspeccionar todas as obras, servizos e actividades desta.

ñ) Presentarlle ao Pleno os estudos, proxectos e iniciativas de interese para a Mancomunidade, o plan de xestión dos servizos e actividades, así como o estudo, preparación e ditame dos asuntos dos que por razón da materia, a súa resolución lle incumba ao Pleno.

o) O desempeño das tarefas ordinarias da mancomunidade, así como a aprobación dos actos necesarios para o seu funcionamento.

p) Coordinar as tarefas da mancomunidade cos servizos municipais directa ou indirectamente relacionados coa competencia mancomunadas.

q) As funcións que para o desenvolvemento dos servizos lle delegue o Pleno.

r) A aprobación dos proxectos de obras e servizos, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión

s) Calquera outra función non atribuída aos demais órganos de goberno e administración da mancomunidade.

t) As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas lles asignen ás Mancomunidades, e non atribúan a outros órganos desta.

2.- En caso de ausencia, enfermidade, incapacidade ou vacante da Presidencia serán exercidas as súas funcións pola vicepresidencia.

3.- A presidencia pode delegar na vicepresidencia ou no Pleno o exercicio das súas atribucións, agás as de convocar e presidir as sesións do Pleno, decidir os empates co voto de calidade, a concertación das operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo deste e o despedimento do persoal laboral, e as enunciadas nas letras a), h), i), j) e r) do número 1 deste artigo.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

4.-A presidencia poderá, así mesmo, conferir as delegacións especiais para encargos específicos, a favor de calquera membro da mancomunidade. O acordo de delegación determinará os asuntos que esta comprenda, as potestades que se delegan, e as condicións concretas do seu exercicio.

Artigo 14º.- Competencias do Pleno

Corresponderanlle ao Pleno, para o desenvolvemento e xestión das actividades e servizos determinados polo obxecto e fins da mancomunidade, as seguintes atribucións:

- a) O control e a fiscalización dos demais órganos de goberno.
 - b) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais; alteración do domicilio, dos seus servizos xerais e os especializados; así como cambio da súa denominación.
 - c) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas ou regulamentos ou, de ser o caso, a proposta destas ás entidades mancomunadas, así como a creación e regulación de órganos complementarios.
 - d) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos; a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das contas; todo de acordo co disposto na Lei de facendas locais.
 - e) A aprobación dos plans, programas e proxectos, así como a forma de xestión dos servizos e actividades.
 - f) A aceptación da delegación de competencias feita por outras administracións públicas.
 - g) A presentación de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais administracións públicas.
 - h) A aprobación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións do persoal.
 - i) O exercicio de accións xudiciais e administrativas da mancomunidade en materias de competencia do Pleno.
 - j) Coñecer e resolver as reclamacións que formulen as entidades mancomunadas, así como a declaración de lesividade dos actos da mancomunidade.
 - k) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
- l) A concertación das operacións de crédito a contía acumulada das cales, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, agás as de Tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.Mancomunidadeam.org> (O Código de Verificación garante, mediante o contexto na sede electrónica, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

l)Competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no art. 12.1.l) que realice a entidade local.

m)A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

n)Adxudicación de concesións sobre os bens da corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas á Presidencia, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

ñ)A aprobación das directrices e normas de réxime interno, dos plans e programas anuais de goberno, administración e dirección da mancomunidade.

o)A elección de entre os seus membros, de presidente/a e vicepresidente/a da mancomunidade, e o seu cesamento, así como a determinación das persoas representantes das entidades mancomunadas que, se é o caso, desenvolvan as súas responsabilidades en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

p)A aprobación da modificación dos estatutos, e a proposta de modificación destes ás entidades mancomunadas.

q)A aprobación do regulamento dos servizos que preste a Mancomunidade, será remitido aos entes mancomunados para o seu coñecemento, así como a adopción da forma concreta de xestión dos servizos da súa competencia.

r)A proposición ás entidades mancomunadas das ordenanzas fiscais, elementos tributarios, taxas, prezos públicos e tarifas que fosen procedentes en relación coas finalidades da mancomunadas.

s)Aprobar o inventario de bens e dereitos e a memoria anual, dando conta diso ás entidades mancomunadas.

t)A fixación das contribucións, sexan ordinarias ou extraordinarias, que obrigatoriamente teñan que efectuar as entidades mancomunadas para o sostemento da mancomunidade.

u)Propoñer e aprobar a adhesión ou incorporación á Mancomunidade de novas entidades locais, doutras administracións públicas, así como a separación dos que a integran.

v)A proposta de disolución da mancomunidade.

w)Determinar o número de votos que lle correspondan a cada representante dos entes mancomunados de conformidade co disposto no artigo 9º.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.Mancomunidadeam.org> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

x) Aquelas outras que deban corresponder ao pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial.

y) Calquera outra que se someta á súa consideración por entender que afectan de modo relevante aos intereses comúns, e as demais que expresamente lle confiran as leis.

Capítulo II

Do persoal

Artigo 15º.- Persoal ao servizo da mancomunidade

O persoal ao servizo da mancomunidade estará constituído por persoal funcionario de carreira ou laboral.

Artigo 16º.- Secretaría, Intervención e Tesourería

As funcións públicas necesarias serán desempeñadas por funcionarias e funcionarios con habilitación de carácter nacional da subescala que corresponda á categoría da praza.

Artigo 17º.- Xerencia

1.- O dito posto de traballo terá que ser desempeñado por persoa con formación e titulación axeitada que a capacite para realizar as funcións propias do posto. Para acceder ao posto haberán de cumprirse os criterios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

2.- Son funcións da/o xerente:

a) Dirixir e coordinar a actuación da mancomunidade, de conformidade cos regulamentos aprobados e as directrices dos órganos de goberno.

b) Vixiar, supervisar, impulsar, e inspeccionar as obras, o funcionamento dos servizos, actividades, dependencias e persoal ao seu cargo.

c) Asistir con voz e sen voto, cando sexa requirido para iso, ás sesións do Pleno e demais órganos de goberno.

d) Propoñer proxectos, plans de actuación de xestión dos servizos e actividades e programas de necesidades da mancomunidade.

e) Asistencia á Presidencia e órganos de goberno.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

f) Informar, dentro das súas funcións, os asuntos que deban tratarse nas sesións dos órganos de goberno, sen prexuízo das funcións asesoras que correspondan á Secretaría e Intervención da mancomunidade.

g) Colaborar na elaboración do anteproxecto do orzamento, e a programación plurianual, así como a memoria anual de rendición de contas.

h) Supervisar a xestión económica e administrativa da mancomunidade, axustándose ás normas que esixe a súa natureza pública.

i) Promover expedientes de contratación de toda clase, de obras, servizos, e subministración.

j) Formular propostas de gastos correntes, así como de contribucións económicas das entidades mancomunadas.

k) Elevar anualmente ao Pleno unha memoria das actividades da mancomunidade.

l) Propoñer medidas e reformas que considere convenientes para o mellor cumprimento do obxecto e fins da mancomunidade.

ll) Manter un contacto permanente cos responsables executivos e técnicos das institucións e entidades integrantes da mancomunidade, co fin de garantir a máxima coordinación funcional.

m) As demais que lle sexan encomendadas polos órganos de goberno.

Artigo 18º.- Persoal funcionario ou laboral

O número de postos de traballo e as funcións atribuídas a cada un deles serán as que se determinen no cadro de persoal e relación de postos de traballo, axustándose a súa selección ao disposto para as corporacións locais.

Integran o persoal adscrito os funcionarios e persoal laboral das Entidades mancomunadas que presten os seus servizos na Mancomunidade.

TÍTULO II Régime funcional

Artigo 19º.- Régime de funcionamento

1.- O réxime de sesións e acordos da mancomunidade e, en xeral, o seu funcionamento acomodarse ao disposto na lexislación de réxime local, en canto lle sexa aplicable, para os

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

plenos municipais, sen prexuízo das particularidades derivadas da organización propia da mancomunidade.

2.-Subsidiariamente aplicaranse as disposicións das leis de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 20º.- Réxime de acordos

1.- Os acordos do Pleno adoptaranse por maioría simple dos votos dos membros presentes. En casos de empate, procederáse segundo o disposto por normativa aplicable de réxime local.

2.- Será preciso quórum especial de maioría absoluta do número legal de votos asignados aos membros do Pleno e do número de representantes das entidades mancomunadas, para a validez dos acordos do Pleno, que se adopten nas materias seguintes:

- a) Aprobación e modificación do regulamento orgánico propio da mancomunidade.
- b) Liquidación ou disolución da mancomunidade.
- c) Separación de entidades mancomunadas.
- d) Modificación dos estatutos.
- e) Aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións.
- f) A aprobación do regulamento dos servizos que preste a Mancomunidade.
- g) Concesión de bens e servizos por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento.
- h) Aprobación da forma concreta de xestión do servizos correspondente.
- i) Aprobacións de operacións financeiras ou de crédito e concesións de quitas ou esperas, cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do seu orzamento, así como as operacións de crédito previstas na lexislación reguladora das facendas locais.
- j) Imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario.
- k) Alleamento de bens, cando a súa contía exceda do 20 por 100 dos recursos ordinarios do seu orzamento.
- l) Alteración da cualificación xurídica dos bens demaniais.
- ll) Cesión gratuíta de bens a outras administracións ou institucións públicas.

Diligencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

m) As restantes determinadas pola lei.

3.- O anterior enténdese sen prexuízo de que se requira outro quórum específico ou cualificado para a adopción de acordos conforme á lexislación xeral de réxime local.

Artigo 21º.- Obrigatoriedade

As decisións e acordos da mancomunidade obrigarán por igual a todas as entidades mancomunadas.

TÍTULO III

Réxime económico, financeiro e contable

Artigo 22º.- Recursos da mancomunidade

1.- A facenda da mancomunidade estará constituída polos seguintes recursos:

a) Ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.

b) Subvencións e outros ingresos de dereito público.

c) As subvencións, contribucións, e transferencias de calquera entidade pública ou privada, incluíndo os fondos estruturais, de cohesión, ou calquera outros, procedentes da Unión Europea, tales como FEDER, FEOGA, FSE, que coadxuven ao obxecto e fins relacionados no artigo 5º.

d) Subvencións a fondo perdido, que poden ser outorgadas pola Xunta de Galicia.

e) As contribucións económicas ordinarias ao orzamento por parte das entidades mancomunadas.

f) As taxas, e prezos públicos que se establezan para a prestación de servizos ou realización de actividades da súa competencia.

g) Contribucións especiais pola execución de obras ou polo establecemento, ampliación ou mellora de servizos da competencia das entidades mancomunadas.

h) O produto das operacións de crédito.

i) O produto de multas e sancións no ámbito das súas competencias.

j) Outros recursos que a lexislación de facendas locais recoñece a favor das entidades locais.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.Mancomunidadeam.org> (O Código de Verificación garante, mediante o contexto na sede electrónica, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Diligencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

k)As demais prestacións de dereito público.

2.-Tamén constituirán recursos da mancomunidade as contribucións económicas extraordinarias das entidades mancomunadas.

3.- Son aplicables ós recursos da mancomunidade o disposto na Lei de Facendas Locais, respecto aos recursos dos Concellos, coas particularidades propias do seu obxecto e fins.

4. O réxime financeiro da mancomunidade non alterará o propio dos Concellos que o integran.

Artigo 23º.- Xestións, liquidación, inspección e recadación de tributos

A xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos que estableza a Mancomunidade realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como as disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 24º.- Infraccións, sancións e recargas

Será aplicable aos tributos que estableza a Mancomunidade o réxime de infraccións, sancións e recargas regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 25º.- Contribucións económicas ordinarias

1.- As contribucións económicas ordinarias anuais de cada entidade mancomunada calcularanse en función da poboación de cada concello resultante do último padrón aprobado o 31 de decembro, segundo datos oficiais proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística.

2.- Para o ano 2020 as porcentaxes provisionais de contribución, correspóndense cos datos achegados polo INE, referidos á poboación de cada un dos concellos a 01-01-2019.

Concello	Habitantes	Porcentaxe
Abegondo	5406	3,91%
Bergondo	6633	4,79%
Betanzos	12959	9,37%
Cambre	24648	17,81%
Carral	6408	4,63%

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

Culleredo	30402	21,97%
Oleiros	36075	26,07%
Sada	15841	11,45%
Total	138.372	100,00%

3.- Para a determinación das porcentaxes e contribucións do ano 2021, e dos sucesivos, procederáase ao seu cálculo en función da poboación de cada concello, na forma prevista nos epígrafes anteriores, o que será aprobado polo Pleno.

Artigo 26º.- Financiamento dos servizos e das actividades

Para a execución das obras e a prestación de servizos e actividades redactarase o correspondente proxecto, memoria valorada e informe técnico, determinándose o sistema de financiamento que proceda, en consonancia cos recursos sinalados nos presentes estatutos.

Artigo 27º.- Aprobación do orzamento

1.- A Mancomunidade aprobará anualmente un orzamento único, comprensivo das obrigas que, como máximo, poderá recoñecer durante o correspondente exercicio económico, e dos dereitos que se prevexa liquidar no mesmo período.

2.-O devandito orzamento axustarase no seu contido, estrutura, tramitación e aprobación ao establecido pola Lei de Facendas Locais e disposicións que a desenvolven, así como no especificamente recollido nos presentes estatutos.

Artigo 28º.- Previsión dos gastos e ingresos

1.-Todas as contribucións económicas ordinarias, referidas no punto 1 do artigo anterior, serán efectuadas polas entidades mancomunadas mediante entregas periódicas, que se ingresarán con anterioridade ao último día de cada trimestre natural, á Tesourería da mancomunidade, ou en calquera outro prazo fixado por acordo do Pleno.

2.-En caso de que as entregas referidas no punto anterior non se efectúen nos prazos previstos, co obxecto de regularizar os ingresos das contribucións das entidades mancomunadas, estas:

a)Facultan a Presidencia da mancomunidade para que transcorrido o prazo para o ingreso das contribucións das entidades mancomunadas, e acreditada a débeda pola Secretaría, logo do informe da Tesourería e da Intervención, poida dirixirse á Administración central ou á Comunidade Autónoma para a retención dos fondos ou cotas pendentes con cargo ás cantidades que por

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

calquera concepto fosen liquidadas a favor da entidade mancomunadas debedora, por igual importe ao das contribucións non satisfeitas trimestralmente, para o seu ingreso na facenda da mancomunidade.

b)Recoñécenlle, á Deputación Provincial da Coruña, a facultade de reter o importe das cantidades debidas con calquera crédito que a favor da entidade mancomunadas se dispoña na corporación provincial, transferindo as ditas cantidades á Mancomunidade. Esta retención solicitaráa a Presidencia da mancomunidade, sinalando o importe da débeda e data de vencemento, que deberán acreditarse mediante certificación da Secretaría, logo dos informes da Tesourería e Intervención, sobre o importe pendente de ingresar.

3.-Nos casos previstos no número anterior do presente artigo, con carácter previo, darase audiencia á entidade afectada, requiríndolle o pagamento por prazo de dez días.

4.-O mesmo réxime dos puntos anteriores aplicarase ás contribucións económicas extraordinarias, que se terán que ingresar na tesourería da mancomunidade no prazo máximo dun mes desde a notificación do pertinente acordo do Pleno.

5.-As contribucións das entidades mancomunadas consideraranse ingresos de carácter público da mancomunidade para todos os efectos legais.

6.- Como complemento ao anterior, os concellos mancomunados que non cumplan en prazo coas súas contribucións económicas poderán suspéndidos temporalmente do voto ou poderán ver limitadas as súas contraprestacións na mancomunidade..

Artigo 29º.- Demora no ingreso de contribucións

As cantidades que non fosen ingresadas na Tesourería da mancomunidade na data de vencemento fixada no artigo anterior, poderán verse incrementadas en proporción ao tempo transcorrido ata o seu pagamento efectivo coa cantidade que resulte de aplicar o xuro de demora fixado pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio correspondente, logo do procedemento oportuno.

Artigo 30º.- Xestión orzamentaria

Será igualmente aplicable o disposto pola Lei de facendas locais, en materia de créditos e as súas modificacións, xestión e liquidación do orzamento, coas peculiaridades propias da mancomunidade.

Artigo 31º.- Tesourería da mancomunidade

A Tesourería da mancomunidade rexeráse polo disposto da Lei de facendas locais e, en canto lle sexa de aplicación, polas normas do Título V da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 32º.- Contabilidade

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.Mancomunidadeam.org> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

A Mancomunidade levará a súa contabilidade de conformidade coa instrución de contabilidade para a Administración local.

Artigo 33º.- Rendición de contas

A mancomunidade, coas peculiaridades derivadas da súa finalidade e estrutura orgánica, elaborará e renderá as contas anuais nos termos sinalados pola Lexislación de facendas locais.

Artigo 34º.- Fiscalización

A xestión económica da mancomunidade será obxecto das fiscalizacións interna e externa reguladas pola Lei de facendas locais. Todos aqueles actos e informes en materia de fiscalización previstos pola lexislación vixente, serán elaborados polos correspondentes habilitados da mancomunidade.

Artigo 35º.- Dos bens

1.- Os bens do Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial, Mancomunidades, entidades mancomunadas, ou calquera outra, adscritos ou que poidan adscribirse á Mancomunidade para o cumprimento dos seus fins, conservarán a súa cualificación xurídica orixinaria, correspondéndolle tan só á Mancomunidade a súa utilización, administración, explotación e conservación, de conformidade coas disposicións legais vixentes na materia. As facultades de disposición limitadas que lle poidan recoñecer á Mancomunidade sobre os bens mencionados serán as que consten nos acordos de cesión correspondentes e limitaranse sempre ás finalidades estatutarias.

2.- De tales bens farase un inventario detallado.

3.- Os bens adquiridos pola Mancomunidade integranse no seu patrimonio, ao que lle serán de aplicación as normas reguladoras do patrimonio das entidades locais e da cualificación xurídica dos seus bens.

TÍTULO IV

Modificación e disolución

Artigo 36º.- Modificación dos estatutos e disolución da mancomunidade

Para a modificación dos estatutos, así como para a disolución da mancomunidade, seguiranse as mesmas regras e os mesmos procedementos que o establecido na lexislación estatal e autonómica.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.Mancomunidadeam.org> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Diligencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

Artigo 37º.- Adhesión novos membros

1.-A adhesión á Mancomunidade de novos membros deberá facerse mediante solicitude que terá que ser aprobada por todas e cada unha das entidades mancomunadas, coa conseguinte modificación dos estatutos, as disposicións dos cales serán de obrigatorio cumprimento para os membros incorporados.

2.-Calquera que sexa o momento no que se adopte o acordo de adhesión á Mancomunidade dunha nova entidade local, esta non producirá efectos ata a entrada en vigor do orzamento do seguinte exercicio económico, agás que sexa disposta outra cousa polo Pleno.

Artigo 38º.- Separación de membros da mancomunidade

1.-A separación voluntaria dunha entidade da mancomunidade precisará os seguintes requisitos:
a)Aviso previo dun ano.

b)Estar ao día no cumprimento das obrigas e compromisos anteriores respecto da mancomunidade e garantir o cumprimento e liquidación daquelas e estes.

2.- A separación, producirá efectos ao finalizar o exercicio económico no que se adoptase o correspondente acordo.

3.- O Pleno, co quórum especial do art. 7, no suposto de incumprimento de obrigacións ou compromisos por algunha das Entidades mancomunadas, con forma motivada, poderá acordar a súa separación.

4.- A separación levará consigo necesariamente a modificación dos Estatutos.

5.- Cando un municipio deixe de prestar un servizo, de acordo co previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e ese servizo sexa un dos prestados pola Mancomunidade ao que pertence, o municipio poderá separarse do mesmo.

Artigo 39 º.- Efectos do exercicio do dereito de separación dunha Mancomunidade

1.- O exercicio do dereito de separación produce a disolución da mancomunidade salvo que o resto dos seus membros, de conformidade co previsto nos seus estatutos, acorden a súa continuidade e sigan permanecendo na Mancomunidade, polo menos, dúas Administracións.

2.- Cando o exercicio do dereito de separación non leve a disolución da mancomunidade aplicaranse as seguintes regras:

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

a) Calcularase a cota de separación que lle corresponda a quen exercite o seu dereito de separación, de acordo coa participación que lle corresponda segundo os criterios de reparto establecidos no artigo 25 destes estatutos.

Acordarase pola Mancomunidade a forma e condicións en que terá lugar o pago da cota de separación, no suposto en que esta resulte positiva, así como a forma e condicións do pago da débeda que corresponda a quen exerce o dereito de separación se a cota é negativa.

A efectiva separación da mancomunidade producirase unha vez determinada a cantidade resultante da cota de separación, no suposto en que esta resulte positiva, ou unha vez pagada a débeda, se a cota é negativa.

b) Se a Mancomunidade estivese adscrita, de acordo co previsto na Lei, á Administración que exerceu o dereito de separación, terá que acordarse pola Mancomunidade a quen, das restantes Administracións que permanecen na Mancomunidade, se adscribe en aplicación dos criterios establecidos na Lei e nos presente estatutos.

Artigo 40º.- Disolución da mancomunidade

1.- A Mancomunidade poderá disolverse por algunha das causas seguintes:

a) Por transformación da mancomunidade noutra entidade, unha vez seguido o procedemento establecido, mediante acordo do Pleno, co quórum establecido no artigo 7º ratificado pola totalidade das entidades locais mancomunadas.

Específicamente, a mancomunidade das Mariñas poderá adherirse ou unirse, co quórum indicado neste parágrafo, a área metropolitana da Coruña, no caso de que se cree, xunto co resto de membros, que, non pertencendo a esta mancomunidade, conformen a área metropolitana da Coruña.

b) Polo cumprimento da súa finalidade.

c) Por incumprimento do seu obxecto.

d) Por imposibilidade de continuar o seu funcionamento

e) Por separación de algún dos seus membros se con iso vólvese inoperante.

f) Por mutuo acordo das entidades mancomunadas.

2.- No caso de disolución, manterá a súa personalidade xurídica, mentres non sexa adoptado polo Pleno o acordo de liquidación e distribución do seu patrimonio, que será publicado no *Boletín Oficial da Provincia* e no *Diario Oficial de Galicia*. Tal acordo determinará a forma pola que se procederá á liquidación dos bens da mancomunidade e a reversión ás entidades mancomunadas das obras, instalacións, e, en xeral, dos bens propios e dos que a Mancomunidade administrase

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.Mancomunidadeam.org> (O Código de Verificación garante, mediante o contexto na sede electrónica, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

en réxime de cesión de uso, a titularidade dos cales correspondese a outras entidades ou administracións públicas.

3.-O coeficiente de participación recollido no artigo 25º, no suposto de disolucións, servirá para a distribución do patrimonio neto.

Artigo 41º. Liquidación da mancomunidade

1.- A disolución da mancomunidade produce a súa liquidación e extinción. En todo caso será causa de disolución que os fins estatutarios da mancomunidade fosen cumpridos.

2.- O máximo órgano de goberno da mancomunidade ao adoptar o acordo de disolución nomeará un liquidador.

3.- O liquidador calculará a cota de liquidación que corresponda a cada membro da mancomunidade de acordo coa participación que lle corresponda.

4.- Acordarase pola Mancomunidade a forma e condicións en que terá lugar o pago da cota de liquidación no suposto en que esta resulte positiva.

5.- As entidades mancomunadas poderán acordar, coa maioría que se estableza nos estatutos, ou a falta de previsión estatutaria por unanimidade, a cesión global de activos e pasivos a outra entidade xuridicamente adecuada coa finalidade de manter a continuidade da actividade e alcanzar os obxectivos da mancomunidade que se liquida.

Específicamente se prevé, que a eventual creación da área metropolitana da Coruña poida ser unha entidade xuridicamente adecuada para esta cesión.

TÍTULO V - RESPONSABILIDADE

Artigo 42º. Responsabilidade.

As Entidades mancomunadas responderán subsidiariamente dos actos e acordos da mancomunidade nas proporcións indicadas no art. 25 dos Estatutos.

TÍTULO VI

Da transparencia institucional e da harmonización normativa

Art. 43º.- Información sobre actuacións e acordos da mancomunidade

a) Os membros da corporación de calquera grupo político poderán asistir ás mesas de contratación nos mesmos casos que os licitadores do expediente de contratación.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

b) A Mancomunidade utilizará todos os medios ao seu alcance co fin de transmitir información da actividade corporativa e facilitará a súa máis ampla difusión.

c) Para a información xeral, as convocatorias e orde do día das sesións do Pleno faranse públicas, fundamentalmente a través do taboleiro de anuncios e en todo caso, no portal de transparencia da mancomunidade.

d) Sen prexuízo do disposto pola normativa vixente sobre notificación e publicación de actos e acordos, a Mancomunidade daralles publicidade aos acordos do Pleno, a través dos medios que considere oportunos, como o portal de transparencia e o taboleiro de anuncios, establecendo a Mancomunidade os mecanismos de seguridade pertinentes para permitir o visionado das sesións plenarias, cando sexa posible.

e) O comportamento dos membros da corporación será socialmente responsable, e no seu traballo diario terase sempre en conta os efectos das súas políticas no longo prazo, tanto na contorna ambiental como social da mancomunidade.

Artigo 44º.- Información que deberá conter o portal de transparencia da mancomunidade para favorecer a transparencia da institución

A Mancomunidade desenvolverá un portal da transparencia, dependente da Presidencia, que facilitará o acceso da cidadanía a toda a información á que se refire a Lei de transparencia e especificamente conterá:

a) Unha ligazón á declaración completa de bens e actividades das concelleiras e dos concelleiros que debe constar no portal de transparencia de cada concello que conforme a Mancomunidade, sen prexuízo da privacidade garantida pola protección de datos.

b) A relación nominativa actualizada das retribucións, tanto salariais, como indemnizacións por asistencias, que perciban os membros da mancomunidade.

c) A publicación dos currículos e a actividade desenvolvida pola Presidencia e Vicepresidencia, que se actualizará periodicamente.

d) Terá unha ligazón onde os cidadáns e as cidadás poidan coñecer os acordos dos plenos da corporación.

f) O portal de transparencia adecuarase aos indicadores de transparencia recoñecidos e que lle sexan de aplicación. Establecerase, polo menos, a publicación das ordes do día previos dos plenos, as contas anuais íntegras, informes periódicos de execución dos orzamentos, modificacións orzamentarias, grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, período medio de pago, período medio de cobro, endebedamento, contratacións e referencia ao inventario dos bens.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos foron aprobados inicialmente pola Comisión Xestora da Mancomunidade As Mariñas de data 28.09.2020.

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.consortioam.org>

45°.- Harmonización normativa

Todas as Ordenanzas dos concellos asociados, no referente a materias de competencia da Mancomunidade, deberán adecuarse ás Ordenanzas e Normas da Mancomunidade, sen prexuízo das peculiaridades esenciais de cada Entidade, a cuxo efecto os Municipios mancomunados incorporarán ás respectivas Ordenanzas as determinacións que sinale a Mancomunidade.

46°.- Exención Fiscal

A Mancomunidade ou as súas futuras sociedades estarán exentas dos impostos, contribucións, taxas e arbitrios que exaccionen os municipios mancomunados, nos termos que establezan as ordenanzas municipais e as normas reguladoras dos distintos tributos.

Disposicións adicionais

Primeira.- Para o cumprimento dos seus fins, a Mancomunidade poderá solicitar colaboración dos servizos administrativos e técnicos de calquera das entidades locais mancomunadas.

Segunda.- As prestacións de servizos e as actividades proxectadas non poderán supoñer a existencia de duplicidades pola execución simultánea dos mesmos servizos ou actividades por outra Administración pública.

Disposicións transitorias

Primeira.- O persoal existente á data de aprobación destes estatutos ao servizo do Consorcio As Mariñas subrogará na Mancomunidade das Mariñas.

Segunda.- Aceptar a cesión global dos activos e pasivos do Consorcio As Mariñas, así como a subrogación nos seus contratos.

Disposicións derradeiras

Primeira.- A entrada en vigor destes estatutos producirase, unha vez aprobados definitivamente polas entidades mancomunadas, ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no *Diario Oficial de Galicia*, sen prexuízo da que se realice no *Boletín Oficial da Provincia*.

O que se fai público para xeral coñecemento.

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA O CAMBIO DE RÉXIME XURIDICO DE CONSORCIO A MANCOMUNIDADE

1. ANTECEDENTES.

PRIMEIRO. A Mancomunidad de Municipios de A Coruña foi aprobada definitivamente por decreto da Consellería da Presidencia nº 153/1983, do 11-10-1983 e publicado no Diario Oficial de Galicia do 21-11-1983.

Esta mancomunidad xunto coa encomenda de xestión para a tramitación do proxecto "Xestión Integral de Residuos Sólidos Urbanos e Asimilables" o de 28 de xaneiro de 1999 foi o xerme do futuro Consorcio As Mariñas: o 10 de agosto de 2000 a Asamblea da Mancomunidad acordou a cesión de uso ao Consorcio de As Mariñas de contedores, equipos recolectores compactadores e lavacontedores.

Debido a determinados problemas aprobouse a disolución da mancomunidad intermunicipal voluntaria pola Asemblea intermunicipal de municipios de A Coruña en sesión de 12 de marzo de 2012.

SEGUNDO. A aprobación do Consorcio realizouse por Resolución de 18 de xullo de 2000 conforme ao disposto no artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 150 e seguintes, así como os 137 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia: "Os concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, todos eles da provincia da Coruña, constitúen un consorcio local, sen prexuízo dos que poidan incorporarse no futuro conforme ás previsións estatutarias, de conformidade co establecido nos artigos 37 a 40 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto do 17-6-1955; artigos 3, 26, 47.3º b), 57, 85 e 87 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; artigos 35, 36 e 110 do R.D. legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; artigo 7 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; artigos 2 ao 6, 8, 137 e ss., 149 ao 152 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia; así como Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos; demais concordantes e de aplicación."

A orde do 10 de decembro de 2008 modificou os estatutos do Consorcio As Mariñas.

TERCEIRO. Aprobouse por maioría absoluta de cada pleno de todos os concellos que conforman o consorcio o acordo de incoación do expediente de constitución dunha Mancomunidad co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas entre os Concellos de Abegondo (25.03.2015), Arteixo (12.03.2015), Bergondo (05.03.2015), Betanzos (09.03.2015), Cambre (23.12.2014), Carral (26.03.2015), Culleredo (12.03.2015), Oleiros, (26.02.2015) e Sada (23.03.2015) todos eles da Provincia da Coruña, coa finalidade de proceder á xestión común do servizos que ven prestando actualmente o Consorcio As Mariñas.

En data 22.09.2015 a comisión xestora acordou convocar a asemblea integrada por todos os concelleiros dos concellos interesados para que aprobe provisionalmente o texto inicial No pleno extraordinario e urxente de data 30.09.2015 mostrouse a posible vontade por parte dun membro do consorcio de non continuar cos trámites da mancomunidad e separarse do consorcio, o que derivou na anulación da convocatoria da asemblea prevista. Na reunión de alcaldes de data 04.03.2016 ese membro segue a mostrar a mesma vontade, sen achegar acordo formal ao respecto.

O 29.07.2016 a asemblea de concelleiros para a constitución da mancomunidad aprobou inicialmente os estatutos para a transformación en mancomunidad. O anuncio de apertura do período de información pública foi publicado no DOG nº 152 de data 11.08.2016 e no BOP de A Coruña nº 150 de 09.08.2016. A Deputación da Coruña en data 09.09.2015 emitiu o preceptivo informe favorable aos Estatutos aprobados inicialmente. E a comisión xestora o 10.10.2016 resolveu as alegacións e remitiu i texto de estatutos á Dirección Xeral da Administración local para o seu preceptivo informe.

CUARTO. No pleno extraordinario e urxente de data 30.09.2015 mostrouse a posible vontade por parte dun membro do consorcio de non continuar cos trámites da mancomunidad, o que derivou na anulación da convocatoria da asemblea prevista.

QUINTO. En data 04.04.2016 o Presidente da comisión xestora enviou escrito ao Concello de Arteixo para que achegue acordo formal onde se mostre a súa vontade de continuar ou non cos trámites previstos.

SEXTO. O 29.07.2016 a asemblea de concelleiros para a constitución da mancomunidade aprobou inicialmente os estatutos para a transformación en mancomunidade. O anuncio de apertura do período de información pública foi publicado no DOG nº 152 de data 11.08.2016 e no BOP de A Coruña nº 150 de 09.08.2016. A Deputación da Coruña en data 09.09.2015 emitiu o preceptivo informe favorable aos Estatutos aprobados inicialmente. E a comisión xestora o 10.10.2016 resolveu as alegacións e remitiu o texto de estatutos á Dirección Xeral da Administración local para o seu preceptivo informe. Este expediente foi suspendido mediante acordo da comisión xestora de data 04.11.2016.

SÉTIMO. En data 06.06.2016 o Pleno do Consorcio reiterou a solicitude para que adoptase o acordo no próximo pleno ordinario que celebre o concello de Arteixo .

OITAVO. En data 06.10.2016 o Concello de Oleiros presentou unha moción para adaptar os Estatutos do Consorcio.

NOVENO. Varios membros do Consorcio de As Mariñas e o Concello de A Coruña asinaron o 20.10.2016 unha declaración para que se inicien os trámites de conformación da área metropolitana.

DÉCIMO. O 02.12.2016 o Pleno do Consorcio das Mariñas aprobou inicialmente a modificación dos Estatutos para adaptarse ao preceptuado na disposición transitoria sexta da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, e na Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRO. O 29.12.2016 O Concello de Arteixo acorda en Pleno ordinario o exercicio do dereito de separación do Consorcio As Mariñas, o que foi comunicado na mesma data ao Consorcio.

DÉCIMO SEGUNDO. No pleno do Consorcio de data 04.11.2016 Presidencia propuxo a aprobación inicial da modificación dos estatutos, asunto que quedou pendente por varias propostas de mellora no texto de Estatutos.

DÉCIMO TERCEIRO. O Pleno do consorcio, con data 17.11.2017 aprobou, cos efectos previstos no artigo 126 da lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, a liquidación provisional pola saída de Arteixo do Consorcio das Mariñas conformada pola cota de separación do consorcio do Concello de Arteixo e que a data de separación do concello de Arteixo sexa efectiva o 31 de decembro de 2017.

O cambio a mancomunidade considerase idóneo xa que o seu réxime xurídico anterior á modificación producida pola Lei de racionalización era similar ao da consorcios de acordo coa lei galega, era un ente que se conformou co mesmo trámite dunha mancomunidade, que só se conformaba por municipios e tiña a consideración de ente local. Deste xeito se volve á súa concepción orixinal.

O consorcio se denominou así e se fixo nese réxime xurídico porque a Mancomunidade de municipios da Coruña non funcionara e para non coincidir no nome. Coa volta a unha mancomunidade se retoma o status quo anterior

DÉCIMO CUARTO. Logo da primeira reunión da comisión xestora da mancomunidade, do día 17.06.2020 fanse unha serie de apreciacións por parte dun concello membro da comisión e por iso se modifica esta memoria.

2. RÉXIME XURÍDICO DO CONSORCIO, ANTECEDENTES HISTÓRICOS E NATUREZA

A existencia dun debate acerca da natureza xurídica do consorcio local obedece principalmente á exclusión deliberada desta entidade da listaxe de entidades locais contido no artigo 3 da LBRL de 1985. Ademais, tamén axudou ao mesmo outras razóns derivadas da nova regulación do consorcio nesta Lei, ás que máis adiante nos referiremos.

O artigo 3.1 da LBRL enumera os entes que forman parte da chamada planta local. Son entidades locais territoriais:

- a) O Municipio.
- b) A Provincia.
- c) A illa nos arquipélagos balear e canario.

3.2. Gozan, así mesmo, da condición de entidades locais:

- a) As Entidades de ámbito territorial inferior ao municipal, instituídas ou recoñecidas polas Comunidades Autónomas, conforme ao artigo 45 desta Lei.
- b) As Comarcas ou outras Entidades que agrupen varios Municipios instituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- c) As Areas Metropolitanas.
- d) As Mancomunidades de Municipios.

Estas tres entidades cualifícanse de necesarias porque a súa existencia está garantida constitucionalmente, en virtude do seu recoñecemento expreso no noso texto constitucional (artigos 137, 140 e 141). Considéranse territoriais porque así se deriva da súa regulación no Título VIII da Constitución, que trata da organización territorial do Estado, da cal forman parte, así como do artigo 3.1 da LBRL, que os denomina entidades locais territoriais. Independentemente de que se poida discutir o sentido hoxe día da diferenciación entre entidades territoriais e non territoriais, o certo é que a cualificación dun ente como territorial aínda trae aparelladas importantes consecuencias xurídicas no noso Dereito.

Na segunda categoría, recollida no artigo 3.2 da LBRL, están os chamados entes locais non necesarios, en contraposición ás entidades locais territoriais do 3.1 LBRL e a súa existencia non está garantida pola Constitución.

Esta exclusión do artigo 3 obedece a unha decisión deliberada. A posibilidade de incluír ao consorcio na listaxe do artigo 3.2 LBRL como una máis das entidades locais non necesarias alí reguladas foi unha opción drante o debate parlamentario, con todo, finalmente optouse por non facelo así.

A regulación do consorcio no capítulo da LBRL dedicado a Actividades e Servizos, o laconismo da devandita regulación, e a posibilidade de que formen parte do mesmas entidades privadas sen ánimo de lucro coadyuva a non entendela como tal.

A profesora Neto Garrido realiza, unha análise da Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de abril de 1999 [RJ 1999/4692]. O Tribunal Supremo, nesta Sentenza (Fundamento Xurídico 3.º), incide en que o lexislador estatal non quixo caracterizar a todos os consorcios que poidan constituírse como entidades locais, pero sen negarlles tampouco tal consideración, permitindo que en cada caso, segundo as circunstancias concorrentes, poida determinarse se o consorcio constituído é ou non unha entidade local.

Conforme a esta xurisprudencia, responder á pregunta de se un consorcio é ou non unha entidade local, esixe analizar os seus estatutos, para así poder valorar as circunstancias concorrentes a que se refire a Sentenza. Sendo as circunstancias concorrentes as relativas ao control efectivo dos órganos de goberno do consorcio, e non o feito de que este teña por finalidade a realización de funcións locais.

2.2 A CONFIGURACIÓN NA LEXISLACIÓN AUTONÓMICA GALEGA DO CONSORCIO LOCAL COMO ENTIDADE LOCAL

O carácter aberto da listaxe de entidades locais do artigo 3.2 LBRL foi establecido polo Tribunal Supremo, en Sentenza de 30 de abril de 1999 (Fundamento Xurídico 3.º), [RJ 1999/4692]: "As alegacións que contra o devandito criterio fai valer o Principado de Asturias deben ser desestimadas.

A circunstancia de que os Consorcios non veñan incluídos como entidades locais no artigo 3 da Lei 7/1985 non impide a caracterización como ente local do Consorcio para o Servizo de Extinción de Incendios, Salvamentos e Protección Civil do Principado de Asturias, xa que a enumeración que verifica o apartado segundo deste precepto non ten carácter exclusivo.

Destaca, á súa vez a Sentenza de 28 de novembro de 2007 (Fundamento Xurídico 6.º), [RJ 2008/280], en asuntos nos que o que estaba en xogo era, precisamente, a consideración do consorcio como ente local: "A premisa de fondo sobre a que se basea o razoamento da Sala de instancia, a saber, a falta de aptitude do Consorcio de Transportes de Biscaia para ser beneficiario das subvencións por non tratarse dunha "entidade local", non é xuridicamente correcta, o que determinará a estimación do primeiro, o cuarto e o quinto dos motivos de casación, deducidos todos eles ao amparo do artigo 88.1.d) da Lei Xurisdiccional (RCL 1998, 1741) .

Sobre a posibilidade, en abstracto, de que os consorcios como o de autos ostenten a calidade de "entes locais" esta Sala pronunciouse xa na súa sentenza de 30 de abril de 1999 (RJ 1999, 4692) , oportunamente citada pola recorrente. No recurso de casación resolto pola devandita sentenza discutíase se un consorcio constituído non só pola case totalidade dos Concellos de Asturias senón tamén pola

Comunidade Autónoma do Principado de Asturias podía ostentar aquela condición. to seguido.?

Este criterio foi acollido pola doutrina administrativa defendendo a potestade do lexislador autonómico para establecer e configurar entidades locais non previstas inicialmente na LBRL.

Nalgunhas leis autonómicas de réxime local, como a balear, a galega ou a andaluza expresamente defínese ao consorcio como ente local.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia establece no seu artigo 2 que gozan da condición de Entidades Locais non territoriais as áreas metropolitanas, as mancomunidades de municipios, os consorcios locais e as Entidades Locais menores.

O que se reafirma no seu artigo 149.2. os consorcios locais son Entidades Locais dotadas de personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos, que virán definidos nos seus respectivos.

2.3. O ESTADO ACTUAL DA CUESTIÓN

A evolución xurisprudencial a partir das sentenzas xa mencionadas toma en consideración o feito de que a figura do Consorcio era unha figura confusa e conflitiva á hora de determinar a súa verdadeira natureza xurídica e que era necesario ir analizando caso por caso a súa natureza xurídica, así o TSJ Castela e León, Burgos, Sentenza núm. 75/2015 de 10 abril. RJCA 2015\611 despois de facer unha análise da evolución jurisprudencial da cuestión indica no seu Fundamento xurídico oitavo: “[?] Do devandito até agora dedúcese claramente que esta Sala non recoñeceu aos Consorcios o carácter de entidades locais con carácter xeral, senón só cando así se dispón por lei ou cando están constituídos exclusivamente por entidades locais. [...]

Non obstante o devandito, tampouco podemos deixar de recoñecer que o Consorcio, desde o punto de vista xurídico-administrativo, é unha figura xurídica confusa e conflitiva á hora de determinar a súa verdadeira natureza xurídica; e é por iso, polo que puidemos comprobar, examinando a Xurisprudencia do T.S., que este Tribunal ha ir analizando caso por caso no canto de establecer premisas xerais e básicas para todos os supostos, aínda que é verdade que a doutrina jurisprudencial apuntada na sentenza transcrita constitúe unha xurisprudencia básica aplicable aos devanditos entes.[...]

Non obstante o indicado, a partir da lei 27/2013 a lei 27/2013 (RCL 2013, 1877) de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local introduciuse unha Disposición adicional 20 na lei 30/1992. Esta norma levaba por título, "réxime xurídico dos consorcios" e nela indicábase que "1. Os estatutos de cada consorcio determinarán a Administración pública á que estará adscrito, así como o seu réxime orgánico, funcional e financeiro de acordo co previsto nos seguintes apartados." Á súa vez, engade unha serie de aspectos relevantes sobre a adscrición do consorcio de acordo cos datos de cada exercicio orzamentario a unha determinada administración pública.

Segundo o lexislador, introdúcese neste punto seguridade xurídica na medida en que se resolve cal é o réxime aplicable aos consorcios, quedando configurados como entidade asociativa de carácter voluntario para a cooperación administrativa adscrita a unha administración pública e debendo manterse que, a partir da aprobación da Lei xa non poden gozar da condición de entidade local, sendo esta norma aplicable a todas as administracións públicas dado o seu carácter de norma básica.

No mesmo sentido, profundando no carácter instrumental dos consorcios e resolvendo algunhas cuestións prácticas, a Lei 15/2014 de 16 de setembro de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, regula o dereito de separación dos membros dos consorcios e os seus efectos, disolución e liquidación, norma que goza á vez da natureza de básica ditada en virtude do artigo 149.1.18 da Constitución Española.

A vixente Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público, dedica o seu Capítulo VI aos Consorcios. O seu art.118 define aos mesmos como entidades de dereito público, con personalidade xurídica propia e diferenciada, creadas por varias Administracións Públicas ou entidades integrantes do sector público institucional, entre si ou con participación de entidades privadas, para o desenvolvemento de actividades de interese común a todas elas dentro do ámbito das súas competencias. Os consorcios poderán realizar actividades de fomento, prestacionais ou de xestión común de servizos públicos e cantas outras estean previstas nas leis.

Precisa o art. 119 que os consorcios se rexerán polo establecido nesta Lei, na normativa autonómica de desenvolvemento e os seus estatutos. No non previsto nesta Lei, na normativa autonómica aplicable, nin

nos seus Estatutos sobre o réxime do dereito de separación, disolución, liquidación e extinción, estarase ao previsto no Código Civil sobre a sociedade civil, salvo o réxime de liquidación, que se someterá ao disposto no artigo 97, e na súa falta, o Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo. As normas establecidas na Lei 7/1985 (e na lei 27/2013), de racionalización e sustentabilidade da Administración Local sobre os Consorcios locais terán carácter supletorio respecto do disposto nesta Lei. Doutra banda, os Estatutos determinan a Administración á que quedan adscritos.

Neste sentido, cabe destacar que non é unha cuestión pacífica a determinación da natureza do consocio mesmo coa nova regulación, así, temos a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 6ª) Sentenza núm. 115/2018 de 5 marzo. RJCA 2018\400: "A nosa xurisprudencia sinalou que non cabe dúbida de que para a xestión conxunta de medios instrumentais dos servizos das Entidades locais caben as diversas fórmulas asociativas que ofrece a lexislación de réxime local. Mesmo, pode dicirse que tales modalidades teñen unha dobre xustificación. En primeiro termo, de orde estrutural, posto que como consecuencia da repartición constitucional de competencias entre as distintas Administracións territoriais, as áreas de interese que han de tutelar cada unha delas non constitúen ámbitos competenciais exclusivos, senón en gran medida concorrentes; de maneira que a redistribución formal da competencia supón ao propio tempo a necesidade de fórmulas de cooperación ou de colaboración organizadas. En segundo termo, de orde material, derivada da imposibilidade de moitos municipios de organizar e desenvolver por si mesmos os cada vez máis complexos e gravosos servizos públicos.

Con este plan, e partindo da nova regulación dos consorcios a partir da LRXSP (RCL 2015, 1478, 2076) , estes quedan configurados como entidades de colaboración interadministrativa. E de feito, poden admitir entidades privadas ,como sucede co presente caso, no que segundo os seus Estatutos cabe que no Consorcio inclúanse entidades privadas. A natureza dos consorcios a partir da modificación operada pola lei 27/2013 (RCL 2013, 1877) , e consolidada na vixente lei 40/2015 (RCL 2015, 1478, 2076), do Sector Público, non permite concluír que teñan natureza de entidade local a efectos da súa inscrición no Rexistro correspondente, que é o tema concreto que se examinan neste suposto. É dicir, é unha figura que xestiona servizos públicos, en particular en caso de entidades locais xa que pode favorecer o financiamento dos mesmos, e a colaboración a tal obxecto, pero non por iso pode considerarse unha entidade local.

Neste caso concreto, as finalidades do consorcio son de interese xeral pero non están especificamente incluídas nas reguladas na LBRL (RCL 1985, 799, 1372) nos preceptos antes mencionados. Por tanto, dada a natureza instrumental dos consorcios, e a concreta regulación dos Estatutos, non resulta o consorcio recorrente asimilable aos entes locais a efectos de inscrición no rexistro correspondente.

A actora insiste en que esta natureza instrumental non priva o carácter de entidade local neste caso. Nos Estatutos destácase no seu art. 1 que o compoñen entidades locais e entidades sen ánimo de lucro que se fixan no anexo. E sen prexuízo de que fundamentalmente estea integrado por entidades locais, iso non implica que teña esta natureza a efectos da pretendida inscrición no concreto Rexistro. Da redacción dos Estatutos, e tendo en conta a normativa vixente, non cabe concluír que o consorcio recorrente poida ser inscrito no Rexistro de Entidades Locais, que é o tema exclusivo que se analiza neste recurso.[...]"

2.4 PRAZOS PARA A ADAPTACIÓN DOS CONSORCIOS XA EXISTENTES Á NOVA REGULACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, os consorcios que xa estivesen creados no momento de entrada en vigor da mencionada Lei deberán adaptar os seus estatutos ao nela previsto no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor, é dicir, deberán proceder a adaptalos antes do 18 de marzo de 2015.

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local indica que, para adaptarse á nova regulación, a Disposición transitoria sexta concede un prazo dun ano desde a entrada en vigor da Lei, o que supón que todos os consorcios existentes teñan que adaptar os seus estatutos ao novo réxime, sobre todo co propósito de determinar na súa norma a administración á que están adscritos.

Todos os Estatutos dos consorcios deberán recoller, de acordo co artigo 124 da Lei 40/2015:

- 1.- A Administración a que están adscritos, para o que inclúe uns criterios de prioridade (D. final segunda, disposición adicional novena da Lei 30/1992 e agora artigo 120 da Lei 40/2015);
- 2.- O persoal ao servizo dun Consorcio só pode provir de persoal funcionario ou laboral das administracións participantes, mediante un proceso de reasignación de postos, o que implica unha medida para impedir aumento de persoal no sector público.

O réxime deste persoal será o que corresponda á administración pública de adscrición (D. final segunda,

Disposición adicional novena da Lei 30/1992 e agora artigo 121 da Lei 40/2015).

3.- Para os consorcios xa constituídos que presten servizos mínimos a que se refire o art. 26 LRBRL, o persoal poderá provir tanto da reasignación de efectivos a que aludimos como de persoal de novo ingreso (disposición adicional décimo terceira da Lei 27/2013).

4.- O D.S 14.^a refírese a consorcios que non teñan a consideración de administración pública.

5. As previsións dos artigos 12, 13 e 14 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, referidos ao dereito de separación, disolución e liquidación do consorcio, podendo desenvolve-lo sempre que non contravenza o previsto na Lei.

Todos os organismos e entidades integrantes do sector público estatal no momento da entrada en vigor desta Lei continuarán rexéndose pola súa normativa específica, incluída a normativa orzamentaria que lles resultaba de aplicación, até a súa adaptación ao disposto na Lei de acordo co previsto na disposición adicional cuarta.

Non obstante, en canto non resulte contrario á súa normativa específica, as sociedades mercantís estatais, os consorcios, fundacións e fondos sen personalidade xurídica existentes no momento da entrada en vigor desta Lei aplicarán desde ese momento, respectivamente, o previsto no Capítulo V, Capítulo VI, Capítulo VII e Capítulo VIII do Título II.

Porén, unha das primeiras consecuencias desto é a necesidade de adaptación xurídica do consorcio a un réxime xurídico válido, todo elo sen prexuízo do indicado a continuación. A transformación en mancomunidade antoxáse como unha solución válida.

2.5 CONSECUENCIAS DA NON ADAPTACIÓN DOS ESTATUTOS

A disposición transitoria segunda da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece respecto dos consorcios na súa Disposición transitoria segunda, que regula as entidades e organismos públicos existentes que: 1. Todos os organismos e entidades integrantes do sector público estatal no momento da entrada en vigor desta Lei continuarán rexéndose pola súa normativa específica, incluída a normativa orzamentaria que lles resultaba de aplicación, até a súa adaptación ao disposto na Lei de acordo co previsto na disposición adicional cuarta. 2. No entanto, en tanto non resulte contrario á súa normativa específica: b) As sociedades mercantís estatais, os consorcios, fundacións e fondos sen personalidade xurídica existentes no momento da entrada en vigor desta Lei aplicarán desde ese momento, respectivamente, o previsto no Capítulo V, Capítulo VI, Capítulo VII e Capítulo VIII do Título II.

A Disposición adicional cuarta establece que todas as entidades e organismos públicos que integran o sector público estatal existentes no momento da entrada en vigor desta Lei deberán adaptarse ao contido da mesma no prazo de tres anos a contar desde a súa entrada en vigor, rexéndose ata que se realice a adaptación pola súa normativa específica.

A adaptación realizarase preservando as actuais especialidades dos organismos e entidades en materia de persoal, patrimonio, réxime orzamentario, contabilidade, control económico-financiero e de operacións como axente de financiamento, incluíndo, respecto destas últimas, o sometemento, no seu caso, ao ordenamento xurídico privado. As especialidades preservaranse sempre que non xeraren deficiencias importantes no control de ingresos e gastos causantes dunha situación de desequilibrio financeiro no momento da súa adaptación.

Estes prazos a data de hoxe xa fuches excedidos e por tanto, naqueles casos de non adaptación estatutaria, devén unha inaplicación ope legis daqueles preceptos dos estatutos contrarios á lei en consonancia cos principios de xerarquía normativa. É por isto que aqueles consorcios que a pesar de non adaptar os seus estatutos en tempo deben aplicar as normas básicas estatais en materia de administración institucional.

2.6 PROBLEMAS DA ADSCRICIÓN DO CONSORCIO A UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

No que a adscrición do consorcio a unha administración pública refírese, a lei establece unha serie de criterios ordenados por prioridade na súa aplicación e referidos á situación no primeiro día do exercicio orzamentario.

Os criterios establécense como un numerus clausus, que non se poden variar dependendo da natureza do ente, simplemente de forma subsidiaria, unha vez esgotados todos os criterios enumerados e non sendo posible a aplicación de ningún (situación pouco probable xa que o último criterio exerce de criterio residual)

sería posible establecer algún criterio complementario vía estatutaria.

Os entes que conforman un consorcio para establecer a Administración Pública de adscrición poden, acudir a distintos dos criterios co propósito de poder elixir a administración de adscrición, para iso é posible determinar estatutariamente unha maior facultade dunha administración pública respecto ao resto para nomear ou destituír membros ou que achegue maior cantidade no fondo patrimonial, esta sería unha vía para poder dar máis autonomía e capacidade de elección do membro a que se adscribe o consorcio. Con todo é unha decisión que debe ser motivada adecuadamente no expediente.

Calquera cambio de adscrición a unha Administración Pública, calquera que for a súa causa, levará a modificación dos estatutos do consorcio nun prazo non superior a seis meses, contados desde o inicio do exercicio orzamentario seguinte a aquel en produciuse o cambio de adscrición.

Esta previsión legal establecida no artigo 120.4 da lei 40/2015 pode supor e na práctica supón unha dificultade para a adaptación dos estatutos. Sería conveniente que a lei permitise que se determine vía estatutaria o réxime de adscrición dun modo xenérico, sen prexuízo da necesaria adecuación aos criterios de prelación establecidos na lei. Disporíase así dun sistema dinámico no que se lle daría ao consorcio maior facilidade de acción xa que en caso de ter que variar a administración de adscrición hai que acudir a procedementos de modificación estatutarias que son moi complexos e que se dilatan no tempo. Lembremos que é moi sinxelo que se suceda o caso no que haxa que cambiar de administración pública de adscrición como pode ser no caso residual de adscrición por poboación en supostos de municipios que presten servizos e que

Todo este cambio normativo con respecto a un maior control sobre os consorcios pivota sobre unha premisa que non é do todo correcta sen tomar en consideración que, debido á natureza xurídica outorgada nas distintas lexislacións autonómicas e a xurisprudencia, hai un bo número de consorcios que se configuraban como locais e por tanto xa contaban cos medios apropiados para o seu control en canto ao réxime de remisión de contas e formación de orzamentos así como á necesidade ou non de habilitados estatais.

Estos problemas conlevan que prevaleza a proposta de transformación en mancomunidade sobre a adaptación dos estatutos do Consorcio para seguir baixo ese réxime xurídico.

3. NECESIDADE DE ADAPTACIÓN DO RÉXIME COMPETENCIAL

Sexa como fora, tanto en mancomunidade como en Consorcio é necesario adaptar as competencias. O que se reflicte no proxecto de estatutos da mancomunidade.

3.1 O ESCENARIO COMPETENCIAL TRAS A LRSAL

A definición dun novo esquema de determinación das competencias locais é sen dúbida un dos aspectos máis relevantes da LRSAL co fin de perfilar un modelo competencial máis claro e eficiente que permita tanto evitar solapamientos no exercicio de tales competencias, como lograr unha prestación eficiente dos servizos que no exercicio de tales competencias haxan de prestar os Municipios.

A lectura conxunta dos preceptos nos que queda definido este novo modelo revela en primeiro lugar que, en liñas xerais, o anteproxecto (e posteriormente a Lei) leva a cabo unha redución do ámbito das chamadas "competencias propias" do Municipio. Tal redución resulta non só da eliminación, na enumeración contida no artigo 25.2 da LBRL, de diversas materias ou ámbitos de actuación (suprímense, por exemplo, as competencias en materia de sanidade, mentres que as relativas a servizos sociais quedan circunscritas ás actividades de avaliación e información que, en certos supostos, poderán desenvolver e as que se recoñecían en materia de educación limítanse a unhas concretas funcións de participación e cooperación coas Administracións educativas), senón tamén da nova redacción dada ao artigo 25.1 nuns termos máis estritos que os que até agora recollía a LBRL, que acoutan a intervención dos Municipios e polo tanto a consorcios e mancomunidades a un campo de actuación máis estreito que o que até agora existiu.

Adicionalmente, incorpóranse novos requisitos que deberán observarse na delegación de competencias e limitan a posibilidade de desenvolver outro tipo de competencias (as denominadas "impropias") aos supostos en que se cumpran os requisitos previstos no artigo 7.4, en conexión coas previsións da disposición transitoria novena.

Finalmente, prevese en certos casos a translación da prestación dos servizos mínimos obrigatorios ás Deputacións Provinciais, que asumirán a titularidade da competencia correspondente (artigo 26 e varias

disposicións concordantes da lei), o que supón un desapoderamiento ex lege das competenciais municipais en favor da Provincia e, por tanto, constitúe tamén manifestación da redución apuntada. Tal redución foi cuestionada pola maior parte das Comunidades Autónomas, por considerar que con ela se vulnera a garantía institucional da autonomía local consagrada nos artigos 137 e 140 da Constitución.

Un claro ejemplo de esta problemática se tuvo en la ciudad de A Coruña donde durante casi 20 años, desde principios de la década de los 80 las laderas del monte Bens se utilizaron como depósito de los residuos de la ciudad y de los concellos limítrofes. La acumulación de basura en este vertedero llegó a su límite el 10 de septiembre de 1996 cuando se produjo su derrumbamiento esparciéndose por toda la zona de O Portiño. inmediatamente comenzaron las labores para evitar que se extendiera la contaminación así como de desescombro y reasentamiento de las 100.000 toneladas de residuos que se desplazaron.

A partir de ese momento, la gestión de los residuos en la comarca cambió radicalmente. El accidente de Bens dio lugar a una nueva filosofía y una forma totalmente diferente de abordar el problema de los residuos, más moderna, adaptándose a las corrientes que emanaban de las directivas europeas y más comprometidas con el medio ambiente y se empezó a gestar el plan de tratamiento de residuos.

Este plan nació con la filosofía de una recogida selectiva de los residuos en la ciudad de A Coruña y su entorno, para favorecer su recuperación y su reciclaje, es decir, la posibilidad de incorporar al ciclo del consumo determinados materiales contenidos en los residuos urbanos y disminuir las cantidades de rechazo generadas.

En este sentido, el plan Nacional de residuos aprobado en enero del año 2000 estableció la implantación de la recogida selectiva en todos los núcleos de población de más de 1000 habitantes antes del 2006. Sin embargo no estableció en su momento los materiales que debían de separarse, aunque si se indican opciones por las que optar y unos principios generales como por ejemplo la unificación de los colores de los contenedores.

Según este plan el modelo final de recogida selectiva dependía de cada ayuntamiento. Esta decisión condiciona el resto de las operaciones que integran el programa de reciclado comenzando por la recogida. En el área metropolitana de A Coruña se optó por un modelo basado en las fracciones de orgánico o inorgánico y las recogidas monomateriales de papel cartón vidrio y los puntos limpios.

El elemento más novedoso de este plan dentro del contexto de la gestión de residuos en la comunidad Autónoma de Galicia fue la construcción de la planta de tratamiento de residuos sólidos urbanos situada en Nostión dentro del propio término municipal de A Coruña para el tratamiento integral de los residuos y que prioriza como forma de valorización final el compostaje de la materia orgánica. Esta planta comenzó a funcionar en noviembre de 1999 con el tratamiento de la fracción inorgánica y en septiembre del año 2000 para la fracción orgánica. Se trató en su momento de una planta pionera en España y que por sus características técnicas la convirtieron en una de las primeras instalaciones a nivel mundial.

El Consorcio As Mariñas optó también por el compostaje como forma de valorización final más adecuada y por lo tanto un plan de gestión de residuos que comienza con una separación en origen de los residuos en las fracciones orgánica e inorgánica, junto con papel cartón y vidrio.

Con el fin de dar una mejor gestión de los residuos se construyó en cada ayuntamiento un punto limpio donde los ciudadanos pueden dejar los residuos que por su volumen o por su peligrosidad no pueden ser recogidos en un servicio ordinario. Se implantaron otros servicios complementarios como la recogida de muebles y enseres domésticos una red de minipuntos limpios y otras recogidas monomateriales. Con todas estas medidas el consorcio fue evitando la aparición de una gran cantidad de vertidos incontrolados y la consiguiente contaminación del suelo y de las aguas que hasta la fecha eran habituales.

A lo largo de todos estos años todas las directivas que han emanado tanto de la Unión Europea como a nivel estatal siempre han sido para fomentar el cumplimiento de las jerarquías en cuanto a gestión de residuos, siendo el primero la prevención, el segundo la reutilización, el tercero el reciclaje, el cuarto la valorización material y energética y ya por último el vertido. Siempre ha sido un objetivo prioritario el cumplimiento de esta jerarquía en la gestión y el tratamiento de los residuos que en el 2008 se concretó con la directiva 2008/98/EC (Ley 22/2011) estableciendo unos objetivos concretos tanto para la reutilización como para el reciclado y la valorización de cada material, según esta directiva antes del 2020 los residuos domésticos y comerciales destinados a la preparación para la reutilización y el reciclado deberían alcanzar un mínimo del 50% en peso.

La transposición de estos valores a los planes de gestión de cada país y dentro de España a cada Comunidad Autónoma ha adaptado diferentes planes de gestión y tratamiento final con el fin de extraer la mayor cantidad de residuo valorizable y reducir el rechazo, aumentando tanto las cantidades de cada material como de las fracciones a extraer. El sistema basado en el compostaje es el que más disminuye la fracción húmeda del rechazo y el que permite valorizar esta fracción que dentro de los residuos urbanos doméstico y hostelería supone un porcentaje en peso muy importante, dándole una gran valor en el ciclo y permitiendo además que las restantes fracciones se puedan también separar con mayor efectividad al estar menos contaminadas en una fracción inorgánica seca.

Así recientemente se ha establecido la obligatoriedad de la recogida separada de esta fracción orgánica, el pasado año 2019 en la Comunidad Autónoma de Galicia, estando ahora

implementando este contenedor en todo el territorio y adaptando las plantas incineradoras autonómicas para su tratamiento. Siendo obvio por tanto que la apuesta por una mejor separación de los residuos y un sistema más ambientalmente eficiente una acertada apuesta que convirtió en Consorcio junto con el Ayuntamiento de A Coruña en pioneros en la mejor tecnología y gestión de los residuos dentro de Galicia y todo el territorio nacional.

8.2.c) servicio de perrera

El servicio de lacería promueve el respeto a la dignidad del animal y la eliminación de maltrato hacia los animales, promueve la sensibilización social de la ciudadanía en el cuidado y adopción de mascotas (perros y gatos) y en la prevención del abandono de las mismas y evita los problemas de salud pública derivados de la presencia de animales abandonados en la vía pública.

8.2.d) servicios sociales especializados

El trabajo común intermunicipal a través de una mancomunidad favorece la superación de los localismos en la búsqueda de horizontes comunes con un mejor aprovechamiento de las sinergias que se puedan crear. Permite homogeneizar la oferta de servicios en una misma área geográfica y aumentar la capacidad de transmitir y compartir experiencias novedosas y buenas prácticas.

Mejora los flujos de información y formación dotándolos de mayores posibilidades de encontrar nuevos recursos y de gestionar mejor los existentes, proporcionando asimismo la posibilidad de observar la evolución de las necesidades sociales en un contexto territorial y geográfico común aumentando la capacidad de anticipación a las necesidades de la población.

9 CONCLUSIONES

Una vez analizados los datos expuestos la conclusión es que la futura Mancomunidad sería sostenible en tanto en cuanto se replicarían los gastos e ingresos existentes en el Consorcio, toda vez que se propone que se continúen los mismos servicios.

En Bergondo en la fecha señalada en el margen.

Miguel Angel Sandar Picado

Gerente.

ASUNTO: INFORME DE SECRETARIA SOBRE O BORRADOR DE ESTATUTOS PARA A MANCOMUNIDADE DAS MARIÑAS (A CORUÑA)

EXPEDIENTE: 2019/X999/000063

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Mancomunidad de Municipios de A Coruña foi aprobada definitivamente por decreto da Consellería da Presidencia nº 153/1983, do 11-10-1983 e publicado no Diario Oficial de Galicia do 21-11-1983.

Esta mancomunidad xunto coa encomenda de xestión para a tramitación do proxecto "Xestión Integral de Residuos Sólidos Urbanos e Asimilables" o de 28 de xaneiro de 1999 foi o xerme do futuro Consorcio As Mariñas: o 10 de agosto de 2000 a Asamblea da Mancomunidad acordou a cesión de uso ao Consorcio de As Mariñas de contedores, equipos recolectores compactadores e lavacontedores.

Debido a determinados problemas aprobouse a disolución da mancomunidad intermunicipal voluntaria pola Asemblea intermunicipal de municipios de A Coruña en sesión de 12 de marzo de 2012.

SEGUNDO. A aprobación do Consorcio realizouse por Resolución de 18 de xullo de 2000 conforme ao disposto no artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 150 e seguintes, así como os 137 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia: *"Os concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, todos eles da provincia da Coruña, constitúen un consorcio local, sen prexuízo dos que poidan incorporarse no futuro conforme ás previsións estatutarias, de conformidade co establecido nos artigos 37 a 40 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto do 17-6-1955; artigos 3, 26, 47.3º b), 57, 85 e 87 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; artigos 35, 36 e 110 do R.D. legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; artigo 7 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; artigos 2 ao 6, 8, 137 e ss., 149 ao 152 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia; así como Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos; demais concordantes e de aplicación."*

A orde do 10 de decembro de 2008 modificou os estatutos do Consorcio As Mariñas.

TERCEIRO. Aprobouse por maioría absoluta de cada pleno de todos os concellos que conforman o consorcio o acordo de incoación do expediente de constitución dunha Mancomunidad co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas entre os Concellos de Abegondo (25.03.2015), Arteixo (12.03.2015), Bergondo (05.03.2015), Betanzos (09.03.2015), Cambre (23.12.2014), Carral (26.03.2015), Culleredo (12.03.2015), Oleiros, (26.02.2015) e Sada (23.03.2015) todos eles da Provincia da Coruña, coa finalidade de proceder á xestión común do servizos que ven prestando actualmente o Consorcio As Mariñas.

En data 22.09.2015 a comisión xestora acordou convocar a asemblea integrada por todos os concelleiros dos concellos interesados para que aprobe provisionalmente o texto inicial No pleno extraordinario e urxente de data 30.09.2015 mostrouse a posible vontade por parte dun membro do consorcio de non continuar cos trámites da mancomunidad e separarse do consorcio, o que derivou na anulación da convocatoria da asemblea prevista. Na reunión de alcaldes de data 04.03.2016 ese membro segue a mostrar a mesma vontade, sen achegar acordo formal ao respecto.

O 29.07.2016 a asemblea de concelleiros para a constitución da mancomunidad aprobou inicialmente os estatutos para a transformación en mancomunidad. O anuncio de apertura do período de información pública foi publicado no

DOG nº 152 de data 11.08.2016 e no BOP de A Coruña nº 150 de 09.08.2016. A Deputación da Coruña en data 09.09.2015 emitiu o preceptivo informe favorable aos Estatutos aprobados inicialmente. E a comisión xestora o 10.10.2016 resolveu as alegacións e remitiu i texto de estatutos á Dirección Xeral da Administración local para o seu preceptivo informe.

CUARTO. No pleno extraordinario e urxente de data 30.09.2015 mostrouse a posible vontade por parte dun membro do consorcio de non continuar cos trámites da mancomunidade, o que derivou na anulación da convocatoria da asemblea prevista.

QUINTO. En data 04.04.2016 o Presidente da comisión xestora enviou escrito ao Concello de Arteixo para que achegue acordo formal onde se mostre a súa vontade de continuar ou non cos trámites previstos.

SEXTO. O 29.07.2016 a asemblea de concelleiros para a constitución da mancomunidade aprobou inicialmente os estatutos para a transformación en mancomunidade. O anuncio de apertura do período de información pública foi publicado no DOG nº 152 de data 11.08.2016 e no BOP de A Coruña nº 150 de 09.08.2016. A Deputación da Coruña en data 09.09.2015 emitiu o preceptivo informe favorable aos Estatutos aprobados inicialmente. E a comisión xestora o 10.10.2016 resolveu as alegacións e remitiu o texto de estatutos á Dirección Xeral da Administración local para o seu preceptivo informe. Este expediente foi suspendido mediante acordo da comisión xestora de data 04.11.2016.

SÉTIMO. En data 06.06.2016 o Pleno do Consorcio reiterou a solicitude para que adoptase o acordo no próximo pleno ordinario que celebre o concello de Arteixo .

OITAVO. En data 06.10.2016 o Concello de Oleiros presentou unha moción para adaptar os Estatutos do Consorcio.

NOVENO. Varios membros do Consorcio de As Mariñas e o Concello de A Coruña asinaron o 20.10.2016 unha declaración para que se inicien os trámites de conformación da área metropolitana.

DÉCIMO. O 02.12.2016 o Pleno do Consorcio das Mariñas aprobou inicialmente a modificación dos Estatutos para adaptarse ao preceptuado na disposición transitoria sexta da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, e na Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRO. O 29.12.2016 O Concello de Arteixo acorda en Pleno ordinario o exercicio do dereito de separación do Consorcio As Mariñas, o que foi comunicado na mesma data ao Consorcio.

DÉCIMO SEGUNDO. No pleno do Consorcio de data 04.11.2016 Presidencia propuxo a aprobación inicial da modificación dos estatutos, asunto que quedou pendente por varias propostas de mellora no texto de Estatutos.

DÉCIMO TERCEIRO. O Pleno do consorcio, con data 17.11.2017 aprobou, cos efectos previstos no artigo 126 da lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, a liquidación provisional pola saída de Arteixo do Consorcio das Mariñas conformada pola cota de separación do consorcio do Concello de Arteixo e que a data de separación do concello de Arteixo sexa efectiva o 31 de decembro de 2017.

DÉCIMO CUARTO. O Pleno do consorcio con data 18.12.2019 aprobou solicitar aos concellos para que inicien o expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas.

DÉCIMO QUINTO. Cada concello dos que conforman o Consorcio aprobou cadanseu acordo de incoación da mancomunidade (Abegondo 04.02.2020, Bergondo 30.01.2020, Betanzos 30.01.2020, Cambre 30.01.2020, Carral

30.01.2020, Culleredo 27.02.2020, Oleiros 30.01.2020 e Sada 27.02.2020). Estes acordos foron remitidos ao Consorcio.

DÉCIMO SEXTO. Consta no expediente un borrador de texto de estatutos para a mancomunidade, una memoria xustificativa, o estudo económico financeiro e o informe sobre os servizos sociais. Consta á vez un estudo denominado “bases para a xestión conxunta de servizos no Consorcio”.

DÉCIMO SÉTIMO. O 19.06.2020 constituíuse a comisión xestora para a mancomunidade As Mariñas. Na mesma data o Concello de Oleiros presenta unha serie de suxestións.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25.2.j) e c) e art. 26)
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público
- Os artigos 22.2.b), 44 e 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 35 e 36 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- A Lei 5/1997 de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Os artigos 31 a 39 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial.
- O Real Decreto 382/1986, de 10 de febreiro, polo que se crea, organiza e regula o Funcionamento do Rexistro de Entidades Locais.
- A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local.
- A Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. A SITUACIÓN XURÍDICA DO CONSORCIO.

Os prazos para adaptar os estatutos do consorcio As Mariñas á lei foron amplamente superados, o último prazo que daba a Lei 15/2014 no seu artigo 15 remataba o 17 de marzo de 2015.

A día de hoxe os estatutos non incorporaron as referencias normativas ás que estaban obrigados pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

Toda vez que hai determinados artigos dos estatutos do consorcio que ou ben non son compatibles co establecido pola lei ou ben non están incorporados aos mesmos, cabe indicar que o Consorcio ten que adscribirse formalmente a un concello de acordo cos principios establecidos nestas normas. Sendo nulas as disposicións estatutarias que estean en contra da lei e debendo aplicar directamente aquelas que non estean traspostas.

Ante esta situación cómpre que o consorcio se adapte á lexislación vixente. Por isto, plantexáronse dúas posibilidades, por unha banda a posibilidade de adaptar os estatutos á lei (de feito constaba unha proposta de estatutos elaborada ao respecto pola secretaría e a asistencia xurídica da Deputación), posibilidade que fora desbotada en favor da posibilidade de transformar o consorcio noutra entidade, e con base a iso incoouse o procedemento para a transformación do consorcio mediante acordo do pleno do día 26.02.2016 e posterior acordo de cada un dos concellos.

Aínda que se fixeron varias actuacións polo Consorcio encamiñadas á modificación de estatutos, así como a súa transformación en mancomunidade, o certo é que ata o momento non se adoptou acordo definitivo algún.

Logo de transcourir o prazo de un ano establecido pola Lei para adaptación dos estatutos sen que tal modificación fose aprobada, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas realizou unha adscrición automática do Consorcio As Mariñas ao Concello de Oleiros, de feito que nas distintas aplicacións da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais esixe ao Concello de Oleiros a remisión da información orzamentaria e financeira, non só do propio Concello, senón tamén a relativa ao Consorcio das Mariñas, sen que teñamos coñecemento da existencia de ningunha resolución expresa de adscrición.

Á vista dos antecedentes e da normativa aplicable e tendo en conta que o Consorcio segue prestando os servizos que constitúen os seus fins sen que se procedera a adaptar os seus estatutos propónse a transformación do ente como solución máis axeitada.

SEGUNDA. O procedemento para a adaptación dos Estatutos do Consorcio será o seguinte [Seguindo as regras previstas para a creación dunha mancomunidade, de acordo ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a lei 5/1997]:

A. A iniciativa para a constitución de Mancomunidades deberá ser aprobada por cada un dos Municipios que a asuman mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada Concello.

B. A elaboración dos estatutos, dos que o contido mínimo será o que se sinala no artigo 142 da Lei 5/1997, será competencia da Comisión Xestora, que os aprobará inicialmente, e a súa aprobación provisional corresponderalle a unha asemblea integrada por tódolos concelleiros dos concellos interesados. Esta asemblea será convocada polo presidente da Comisión Xestora, e para a súa válida constitución requirirá a asistencia, polo menos, da maioría absoluta dos membros de dereito dela, cumprindo a presenza, como mínimo, dun representante de cada municipio

C. O proxecto de estatutos, unha vez aprobado, será sometido, polo prazo dun mes, a informe da Deputación ou das deputacións provinciais interesadas, entenderase favorable se no devandito prazo non fose emitido e expoñerose a información pública por un período dun mes para que sexan presentadas, por parte dos interesados, as observacións ou suxestións que estimen precisas.

D. Rematado o prazo de información pública e antes da aprobación definitiva, seranlle remitidos os estatutos, xunto coa resolución das reclamacións que fosen presentadas, á Consellería competente en materia de réxime local para o seu informe, e esta poderá formula-las observacións de legalidade así como as suxestións e propostas que considere convenientes. Se do informe ó que se refire o parágrafo anterior resultasen modificacións do proxecto de estatutos provisionalmente aprobado, someteranse aquelas á consideración da Comisión Xestora, que, de non aceptalas, estará obrigada á convocatoria da asemblea de concelleiros para unha nova discusión delas. Tras esta nova xuntanza da asemblea decidirase se se continúa ou non co procedemento ata a aprobación definitiva dos estatutos e a constitución da mancomunidade.

E. Os Estatutos da Mancomunidade deberán ser aprobados polos Plenos dos respectivos Concellos, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

TERCEIRA. O artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, recoñece aos Municipios o Dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados. As mancomunidades teñen personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins específicos e réxense polos seus estatutos propios. As Mancomunidades non poderán asumir a totalidade das competencias asignadas aos respectivos Municipios.

CUARTA. Os Estatutos das Mancomunidades municipais haberán de expresar, polo menos, os seguintes extremos:

- a) Os Municipios que comprende a Mancomunidade.
- b) O lugar en que radiquen os seus Órganos de Goberno e Administración.
- c) O número e forma de designación dos representantes dos Concellos que han de integrar os Órganos de Goberno da Mancomunidade.
- d) Os fins da Mancomunidade e as súas competencias.

- e) Os seus recursos económicos.
- f) O prazo de duración.
- g) O procedemento para modificar os Estatutos.
- h) As súas causas de disolución.

Este borrador de estatutos recolle o contido solicitado pola Lei.

QUINTA. NECESIDADE DE ADAPTACIÓN DO RÉXIME COMPETENCIAL

Tanto en mancomunidade como en Consorcio é necesario adaptar as competencias. O que se reflicte no proxecto de estatutos da mancomunidade.

O ESCENARIO COMPETENCIAL TRAS A LRSAL

A definición dun novo esquema de determinación das competencias locais é sen dúbida un dos aspectos máis relevantes da LRSAL co fin de perfilar un modelo competencial máis claro e eficiente que permita tanto evitar solapamentos no exercicio de tales competencias, como lograr unha prestación eficiente dos servizos que no exercicio de tales competencias haxan de prestar os Municipios.

A lectura conxunta dos preceptos nos que queda definido este novo modelo revela en primeiro lugar que, en liñas xerais, o anteproxecto (e posteriormente a Lei) leva a cabo unha redución do ámbito das chamadas "competencias propias" do Municipio. Tal redución resulta non só da eliminación, na enumeración contida no artigo 25.2 da LBRL, de diversas materias ou ámbitos de actuación (suprímense, por exemplo, as competencias en materia de sanidade, mentres que as relativas a servizos sociais quedan circunscritas ás actividades de avaliación e información que, en certos supostos, poderán desenvolver e as que se recoñecían en materia de educación limítanse a unhas concretas funcións de participación e cooperación coas Administracións educativas), senón tamén da nova redacción dada ao artigo 25.1 nuns termos máis estritos que os que até agora recollía a LBRL, que acoutan a intervención dos Municipios e polo tanto a consorcios e mancomunidades a un campo de actuación máis estreito que o que até agora existiu.

Adicionalmente, incorpóranse novos requisitos que deberán observarse na delegación de competencias e limitan a posibilidade de desenvolver outro tipo de competencias (as denominadas "impropias") aos supostos en que se cumpran os requisitos previstos no artigo 7.4, en conexión coas previsións da disposición transitoria novena.

Finalmente, prevese en certos casos a translación da prestación dos servizos mínimos obrigatorios ás Deputacións Provinciais, que asumirán a titularidade da competencia correspondente (artigo 26 e varias disposicións concordantes da lei), o que supón un desapoderamiento ex lege das competencias municipais en favor da Provincia e, por tanto, constitúe tamén manifestación da redución apuntada. Tal redución foi cuestionada pola maior parte das Comunidades Autónomas, por considerar que con ela se vulnera a garantía institucional da autonomía local consagrada nos artigos 137 e 140 da Constitución.

Pois ben, desde o punto de vista constitucional e aínda cando non existe na Constitución ningún precepto que de forma expresa encomende ao Estado o labor de regular o marco competencial local, tal regulación ampárase directamente no artigo 149.1.18, como de forma reiterada declarou o Tribunal Constitucional. En efecto, xa desde a temperá STC 32/1981, de 28 de xullo, o Tribunal recoñeceu que a competencia estatal recollida no mencionado precepto dá lugar a "unha acción (...) reflexiva do Estado (...) que el mesmo leva a cabo en relación co aparello administrativo que constitúe o seu instrumento normal de actuación", o que "entronca co tema da garantía institucional" da autonomía local. Deste xeito, "corresponde ao Estado a competencia para establecer as bases non

só en relación cos aspectos organizativos ou institucionais, senón tamén en relación coas competencias dos entes locais constitucionalmente necesarios", é dicir, Municipios, Provincias e Illas. E iso porque, "como titulares do dereito á autonomía constitucionalmente garantida, as Comunidades locais non poden ser deixadas no que toca á definición das súas competencias e a configuración dos seus órganos de Goberno á interpretación que cada Comunidade Autónoma poida facer dese dereito, con máis motivo que o mesmo non vai acompañado, como noutros ordenamentos sucede, o dereito de carácter reaccional que, eventualmente, ábralles unha vía ante a xurisdición constitucional fronte a normas con rango de lei".

Esta doutrina, confirmada posteriormente en numerosas sentenzas (SSTC 25/1983; 76/1986; 99/1987; 214/1989; 159/2001; 240/2006; 134/2011; e 132/2012, entre outras), permite afirmar que é o lexislador estatal quen, en exercicio da competencia que lle recoñece o artigo 149.1.18 da Constitución, pode e debe establecer unha regulación normativa uniforme e de vixencia en todo o territorio español, configurando un modelo local común que comprenda tanto a vertente subxectiva ou de construción institucional dos entes locais, como a obxectiva de determinación das competencias que se lles atribúen, incluíndo igualmente a regulación das relacións existentes entre si e con outras Administracións Públicas.

A desaparición, na nova redacción do art. 25.2 LBRL, dalgunhas materias recollidas na anterior non é contraria á garantía constitucional da autonomía local. Tales exclusións significan que en determinados ámbitos o lexislador básico ha deixado de ampliar o mínimo de autonomía local que garante a Constitución e, por tanto, que dentro deles a Comunidade Autónoma ou o lexislador sectorial estatal poden atribuír competencias propias municipais, pero sen estar obrigados a facelo «en todo caso». Consecuentemente, o lexislador competente segundo a materia conserva a capacidade de distribuír poder local nos ámbitos excluídos con sujeción á garantía constitucional da autonomía municipal (arts. 137 e 140 CE) e aos principios de eficiencia, eficacia e estabilidade orzamentaria (arts. 31.2, 103.1 e 135 CE); ademais da as esixencias derivadas dos apartados 3, 4 e 5 do art. 25 LBRL e, no caso das Comunidades Autónomas, ás indicacións que eventualmente inclúan os Estatutos de Autonomía.

Case tan importante como o novo réxime xurídico dos servizos municipais na LRSAL é o réxime transitorio dos servizos na LRSAL, que practicamente nos permite dicir que se trata dunha lei con polo menos cinco prazos diferentes e diferidos de entrada en vigor. En concreto, destaca o dilatado réxime de asunción por parte das CCAA dos antigos servizos sociais municipais e os de saúde. Tamén se establecen prazos para a adaptación á Lei dos estatutos de entidades prestadoras de servizos como as Mancomunidades e os Consorcios.

AS COMPETENCIAS NOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE QUE SE PRETENDE CREAR

As competencias deben orientarse exclusivamente á realización de obras e prestar servizos públicos a que se refiren os artigos 25 e 26 da LRBRL, preceptos estes si modificados pola LRSAL, e que en definitiva incumben ao obxecto e competencia da mancomunidade a crear, polo que deben ser definidos explicitamente nos Estatutos.

A futura mancomunidade, debe clarificar determinadas competencias que leve a cabo cun título xurídico habilitante que poida xerar dúbidas sobre a nulidade ou non das actuacións levadas a cabo nese ámbito por falta de competencias.

Hai materias como turismo, cultura, deportes, desenvolvemento local e servizos e obras, os consorcios podían exercitar competencias en virtude dunha habilitación xenérica establecida nos Estatutos non modificados. Así, hai entidades que teñen entre as súas competencias as seguintes: Asumir a execución de obras, plans, programas ou

proxectos, que as entidades consorciadas ou outras administracións públicas acorden encomendarlle, para a xestión de servizos e actividades de interese público e común, así como a súa creación, instalación e prestación parcial ou integral.

A competencia poderá estenderse a outras obras, plans, programas ou proxectos para a consecución e prestación de servizos e actividades con finalidades de interese público, que interesen en común á pluralidade dos membros asociados.

As mancomunidades non poden baleirar de competencias ás entidades locais nin duplicar as competencias xa efectivamente prestadas pola entidade local que cede as competencias, a este respecto e tendo en conta que se trata dunha delegación de competencias dunha administración a favor doutra, o artigo 7.4 da LBRL indícanos que as Entidades Locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. A estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón de materia, no que se sinala a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias. Por tanto, parafraseando ao artigo 27 d da mesma lei a delegación haberá de mellorar a eficiencia da xestión pública, contribuír a eliminar duplicidades administrativas e ser acorde coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

É necesario distinguir entre competencia e servizo, que, aínda que é certo que a miúdo se solapan, son unha sorte de relación xénero especie, onde o xénero é a competencia, que engloba o conxunto de facultades dunha administración para desenvolver distintos servizos, que conformarán o conxunto competencial das distintas administracións públicas. Sobre a base desta afirmación, subxace a necesidade de aclarar que é posible delegar actuacións concretas a realizar por parte doutras administracións públicas ás que se lles encomende, neste caso, un consorcio.

É por isto que será posible delegar unha facultade concreta sen esgotar o completo ámbito da competencia. Un exemplo son os servizos sociais especializados, que permiten prestar competencias específicas sen baleirar a competencia municipal en servizos sociais e dar así un servizo conxunto, e específico, con medios propios e que, a miúdo, polo volume de actuacións, sexa máis beneficioso prestar en unión das administracións e para todas elas.

Existe a facultade deste xeito, para prestar servizos en común sen esgotar unha concreta competencia municipal ou doutra administración. Todo iso se prexuízo de que é posible, á súa vez, asumir unha competencia completa por parte dun consorcio.

A determinación da competencia ou servizo a asumir por parte debe ser concreta e específica, non debe ser xenérica nin ser susceptible de xerar dúbidas á hora da súa aplicación. Unha das consecuencias da non duplicidade co obxectivo de evitar o solapamento de competencias é a necesidade de justificar e acreditar no expediente o custo do servizo e que non se presta por outra administración pública, baixo o principio de “unha administración, unha competencia”.

Esta apreciación choca, non obstante coa necesidade que teñen as distintas administracións públicas de poder

acudir a mecanismos áxiles e eficaces cando pretenden concorrer conxuntamente a algunha subvención ou pretenden realizar actuacións conxuntas, beneficiándose así das economías de escala e que, debido a que non ostentan nos seus estatutos con previsións xenéricas para poder dar cabida ás súas necesidades, non son capaces de articular as medidas necesarias para poder realizar esa actuación conxunta.

En relación con medidas de eficiencia enerxética, actuacións conxuntas de plans de empelo ou outras como turismo comarcal, ao amparo dunha subvención autonómica ou estatal, os distintos membros dun consorcio ou mancomunidades poderían utilizar os medios propios da entidade agrupada para contratar conxuntamente, establecer plans comúns e actuacións que harmonizasen o conxunto de municipios limítrofes sen a necesidade de acudir a convenios específicos, que pola súa natureza e ámbito, requiren dunha tramitación plenaria, aprobación por maioría absoluta por cada un dos membros e a habilitación dos créditos necesarios para facer fronte a ditas actuacións. En definitiva, a existencia de cláusulas xenéricas que habilitasen á mancomunidade para actuar en determinados casos choca coa concepción actual normativa e por tanto restan operatividade ao funcionamento e redundan en prexuízo do conxunto de cidadáns.

Non obstante, sería posible e conveniente arbitrar algunha cláusula xenérica en relación coas facultades que posúen as distintas administracións públicas para establecer convenios e acordos interadministrativos, todo iso sen prexuízo de que a tramitación segue sendo plenaria, con todo evítase deste xeito a necesidade dunha modificación estatutaria en caso concretos e específicos, dunha soa actuación.

En todo caso, a proposta é continuar coas competencias existentes do consorcio que son as expresadas no borrador de estatutos para ir incorporando progresivamente novas competencias de cordo co estudo económico financeiro que se xunta ao borrador de estatutos e de acordo co estudo de Terravanza sobre as competencias.

SOBRE O NON SOLAPAMENTO DE COMPETENCIAS

Cabe indicar que non hai duplicidades no ámbito local entendidas como solapamento ou execución simultánea dos mesmos servizos ou actividades por varias Administracións Públicas, referida ao mesmo ámbito territorial e afectando aos mesmos suxeitos. Calquera que coñeza a Administración Local sabe que salvo moi contadas excepcións e en determinados Municipios de certa entidade, en todo os demais, o que non preste o Concello non o fai ningunha outra Administración Pública. Nin sequera no tan manido exemplo das oficinas de turismo: pensemos, por exemplo, nunha cidade na que na mesma rúa e a poucos metros unas doutras hai unha oficina de turismo autonómica, outra provincial e outra municipal. Se entramos a pedir información á autonómica daranos a que ten sobre toda a rexión pero se queremos algo máis detallado sobre a cidade na que estamos remitíranos á municipal, na cal nos darán o famoso mapa-rueiro de localización do punto no que nos atopamos, onde está a zona de compras, a de lecer, restaurantes, etc., pero se lle preguntamos por posibles excursións aos arredores remitirannos á da Deputación.

E isto que, efectivamente, é un exemplo dun mal servizo de información turística con todo é un exemplo magnífico da demostración da non existencia de duplicidades á luz da LRSAL, xa que cada oficina opera sobre un ámbito distinto, e por tanto con esta Lei seguirán existindo todas elas, ás que se lles poderían sumar ademais as da mancomunidade, as do consello regulador de referencia, etc., etc. E o tempo diránolo, pois a apreciación por parte da Comunidade Autónoma correspondente da duplicidade na prestación dun servizo público a petición dun Concello interesado, en cumprimento do establecido no artigo 7.4 da LBRL, non pode traer como consecuencia que finalmente ese servizo non sexa prestado por ninguén, polo que se se aprecia dita duplicidade é porque efectivamente xa se presta pola Comunidade Autónoma nos mesmos termos, o que me resultaría altamente sorpresivo que por parte dun Concello

preténdase dita prestación duplicada, e se non se presta e a Comunidade non autoriza por este motivo verase na obrigación de implantalo inmediatamente, o cal tamén me estrañaría que non aproveitase o interese dun Concello para evitar ter que asumir ela devandito custo..

Doutra banda cabe destacar a Sentenza do Tribunal Constitucional de 3 de marzo de 2016 que vai deixando sen obxecto á modificación efectuada á lei 7/1985 pola LRSAL, sentenza que pivota en torno ao sistema competencial, respecto da doutrina interpretativa da aplicación do artigo 25 LRBRL, e a condición de sistema de lista aberta da enumeración recollida no seu apartado 2 e o artigo 7.4, dando carta de natureza á autonomía municipal para exercer competencias sen título habilitante, en cumprimento dos seus requisitos.

Xustifícase no expediente o non solapamento de competencias.

COOPERACIÓN ECONÓMICA, TÉCNICA E ADMINISTRATIVA ENTRE A ADMINISTRACIÓN LOCAL E AS ADMINISTRACIÓN DO ESTADO E DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

En relación coas facultades de establecer cláusulas xenéricas que faculen á mancomunidade para realizar actuacións conxuntas sen modificar os estatutos destaca a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, que se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

De cada acordo de cooperación formalizado por algunha destas Administracións darase comunicación a aquelas que, resultando interesadas, non interveñan no mesmo, aos efectos de manter unha mutua e constante información.

No non previsto no Título III, sobre Relacións Interadministrativas da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as relacións entre a Administración Xeral do Estado ou as Administracións das Comunidades Autónomas coas Entidades que integran a Administración Local rexeranse pola lexislación básica en materia de réxime local.

De acordo co establecido, será posible formalizar un consorcio ou mancomunidade cando non sexa posible realizar un convenio. Por todo iso, analizaremos nestes momentos someramente o réxime para a aprobación dun Convenio administrativo de colaboración entre o Concello e calquera outra Administración, de conformidade co establecido no artigo 140.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público no non previsto pola citada Lei deberá aplicarse a lexislación básica en materia de réxime local.

Debe ser unha actuación administrativa que quede enmarcada na figura dos Convenios regulada no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a través dos seus artigos 47 e seguintes, así como no establecido no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, quedarán fóra do establecido no ámbito da devandita lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e

Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións:

- a) As entidades intervinientes non deben ter vocación de mercado, a cal se presumirá cando realicen no mercado aberto unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por cento das actividades obxecto de colaboración. Para o cálculo da devandito porcentaxe tomarase en consideración a media do volume de negocios total ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos soportados considerados en relación coa prestación que constituía o obxecto do convenio no tres exercicios anteriores á adxudicación do contrato. Cando, debido á data de creación ou de inicio de actividade ou á reorganización das actividades, o volume de negocios ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos, non estivesen dispoñibles respecto do tres exercicios anteriores ou perdesen a súa vixencia, será suficiente con demostrar que o cálculo do nivel de actividade correspóndese coa realidade, en especial, mediante proxeccións de negocio.
- b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben préstanse de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.
- c) Que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

A continuación, segundo o apartado 2 do artigo 6 do mesmo texto legal, tamén estarán excluídos do ámbito de aplicación da Lei de Contratos os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito persoal, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados na devandita lei ou en normas administrativas especiais.

Estes supostos serán regulados polas súas normas especiais, aplicándose os principios da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Sexa como fora, para as competencias específicas que se propoñen para a mancomunidade en consonancia coas prestadas actualmente polo Consorcio As Mariñas non se pode acadar mediante un convenio a xestión dos residuos, da lacería e dos servizos sociais porque xa hai estruturas preexistentes, porque están optimizados os servizos para a prestación dos servizos e porque non se producen duplicidades na realización dos mesmos, en definitiva a prestación destes servizos e competencias en forma mancomunada non se realiza mediante a creación dun novo ente senón mediante a transformación doutro, na memoria económica se xustifica á vez que é a solución máis adecuada.

SEXTA. OUTRAS ADAPTACIÓNS

Cabe destacar que no borrador de estatutos fanse outras adaptacións para cumprir os requirimentos da distinta normativa aplicable, que son os seguintes:

LINGUAXE NON SEXISTA.

O artigo 14.11 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece como criterios xerais de actuación dos poderes públicos a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas é por iso que na transformación do consorcio en mancomunidade, no sseus novos estatutos, devén necesario.

TRANSPARENCIA

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno de transparencia ten como ámbito de aplicación ás entidades de Dereito público con personalidade xurídica propia e estas entidades publicarán de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública. É certo que as disposicións legais son de directa aplicación e que non é necesario introducir no estatutos previsións respecto diso, no entanto, como práctica de bo goberno positivar actuacións ou boas prácticas é conveniente.

A introdución do principio de integridade como un principio de dereito positivo por primeira vez na nosa lexislación de contratos supón a culminación dun intento cada vez máis decidido polo lexislador de trasladar a contratación pública lonxe da corrupción e do favoritismo. O principio de integridade tradúcese na introdución na Lei de medidas de transparencia e de control novas e, en ocasións, descoñecidas, sobre a actuación de licitadores e tamén das administracións.

O principio de integridade, como principio ético asociado ao comportamento dos licitadores e axencias de contratación, non é novo, pero xa aparece inserido (aínda que timidamente) nas sucesivas regulacións de contratación pública.

No entanto, a nova Lei de Contratos do Sector Público, Lei 9/2017, do 8 de novembro (en diante, a LCSP), inspirada á súa vez pola Directiva 2014/24 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública (en diante, a "Directiva"), fai positivo por primeira vez, como principio legal, o principio de integridade e dótao cun amplo contido que se desenvolve ao longo do seu texto. É por tanto, un claro avance calquera medida que se tome no eixo dunha Administración, aínda que sexa un ente local, destinada a controlar e facer cumprir as normas vixentes, sempre que se aplique polos órganos e suxeitos obrigados orgánicamente.

Un dos principais retos á hora de aplicar criterios de bo goberno é atopar o equilibrio entre a responsabilidade pública municipal de exercer activamente as súas funcións de propiedade, absténdose de realizar unha "interferencia política" indebida na xestión do traballo.

Outro reto importante é garantir a igualdade de condicións para todos os mercados en que as empresas privadas poden competir con empresas públicas e administración pública sen distorsionar a competencia cando usa os seus poderes regulamentarios ou de supervisión. Estes problemas e retos non son só os do Estado. Segundo descríbese nas Directrices aplicarase igualmente para as áreas máis baixas da Administración do Estado, como no noso caso, a nivel local.

As funcións de auditoría interna poden ofrecer unha garantía independente e obxectiva deseñada para aumentar o valor e mellorar as actividades dunha organización, axudando a organización a conseguir os seus obxectivos, contribuíndo cunha visión sistemática e disciplinada para avaliar e mellorar a eficacia dos procesos de xestión de risco, control e goberno corporativo.

A actividade da administración non está necesariamente suxeita a ser auditada por auditores externos independentes debido á existencia de sistemas de auditoría e control internos específicos que, considéranse suficientes para garantir a calidade e integridade da información contable.

SOBRE O PERSOAL EVENTUAL

Doutra banda, debe atenderse á lexislación autonómica en relación con todas aquelas referencias establecidas nos estatutos ao persoal eventual, tendo en conta o disposto na STC 54/2017, de 11 de maio. Ref. BOE-A-2017-6850, que anula o artigo 103.4 bis da lei LBRL.

SÉTIMA. RÉXIME DE SEPARACIÓN E LIQUIDACIÓN . APLICACIÓN PRÁCTICA.

É procedente aclarar que, as previsións estatutarias que se proporán para os futuros estatutos da mancomunidade son ás que aplica o Estado para os Consorcios ante a falla de regulación específica na lexislación autonómica.

RÉXIME DE SEPARACIÓN

Os membros dunha mancomunidade poderán separarse do mesmo en calquera momento sempre que non se sinala termo para a duración da mancomunidade.

Cando a mancomunidade teña unha duración determinada, calquera dos seus membros poderá separarse antes da finalización do prazo se algún dos membros do consorcio incumprise algunha das súas obrigacións estatutarias e, en particular, aquelas que impidan cumprir co fin para o cal foi creada a mancomunidade, como é a obrigaón de realizar achegas ao fondo patrimonial.

Cando un municipio deixe de prestar un servizo, de acordo co previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, e ese servizo sexa un dos prestados pola mancomunidade ao que pertence, o municipio poderá separarse do mesmo.

O dereito de separación haberá de exercitarse mediante escrito notificado ao máximo órgano de goberno da mancomunidade. No escrito deberá facerse constar, no seu caso, o incumprimento que motiva a separación se a mancomunidade tivese duración determinada, a formulación de requirimento previo do seu cumprimento e o transcurso do prazo outorgado para cumprir tras o requirimento.

O exercicio do dereito de separación produce a disolución da mancomunidade salvo que o resto dos seus membros, de conformidade co previsto nolos seus estatutos, acorden a súa continuidade e sigan permanecendo na mesma, polo menos, dúas Administracións, ou entidades ou organismos públicos vinculados ou dependentes de máis dunha Administración.

Por tanto, é necesario o acordo explícito do resto dos membros indicando que queiran permanecer no mesmo.

Cando o exercizo do dereito de separación non leve a disolución da mancomunidade aplicaranse as seguintes regras:

a) Calcularase a cota de separación que corresponda a quen exercite o seu dereito de separación, de acordo coa participación que lle correspondeu no saldo resultante do patrimonio neto, de ter lugar a liquidación, tendo en conta o criterio de repartición disposta nos estatutos.

A falta de previsión estatutaria, considerarase cota de separación a que lle correspondeu na liquidación. En defecto

de determinación da cota de liquidación teranse en conta, tanto a porcentaxe das achegas ao fondo patrimonial da mancomunidade que efectúe quen exerce o dereito de separación, como o financiamento concedido cada ano. Se o membro que se separa non houber realizado achegas por non estar obrigado a iso, o criterio de repartición será a participación nos ingresos que, no seu caso, recibise durante o tempo que pertenceu ao consorcio.

Acordarase pola mancomunidade a forma e condicións en que terá lugar o pago da cota de separación, no suposto en que esta resulte positiva, así como a forma e condicións do pago da débeda que corresponda a quen exerce o dereito de separación se a cota é negativa.

A efectiva separación producirase unha vez determinada a cota de separación, no suposto en que esta resulte positiva, ou unha vez páguese a débeda, se a cota é negativa.

b) Se oestivese adscrito, de acordo co previsto na Lei, á Administración que exerceu o dereito de separación, terá que acordarse polo consorcio a quen se adscribe, das restantes Administracións ou entidades ou organismos públicos vinculados ou dependentes dunha Administración que permanecen no consorcio, en aplicación dos criterios establecidos na Lei.

Seguiranse os trámites establecidos nos Estatutos para a o cálculo da cota de separación do membro que se separa. Subsidiariamente acudirase ao previsto no Código Civil sobre a sociedade civil, salvo o réxime de liquidación, que se someterá ao disposto no Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital.

De acordo co establecido no Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital a división do patrimonio resultante da liquidación practicarase con arranxo ás normas que se estableceron nos estatutos ou, na súa falta, ás fixadas pola xunta xeral. Os liquidadores non poderán satisfacer a cota de liquidación aos socios sen a previa satisfacción aos acredores do importe dos seus créditos ou sen consignalo nunha entidade de crédito do témino municipal en que radique o domicilio social. Salvo disposición contraria dos estatutos sociais, a cota de liquidación correspondente a cada socio será proporcional á súa participación no capital social.

O 393.1 desta lei indica que salvo acordo unánime dos socios, estes terán dereito a percibir en diñeiro a cota resultante da liquidación e o 393.2. reflicten que os estatutos poderán establecer en favor dalgún ou varios socios o dereito a que a cota resultante da liquidación lles sexa satisfeita mediante a restitución das achegas non dinerarias realizadas ou mediante a entrega doutros bens sociais, se subsisten no patrimonio social, que serán apreciadas no seu valor real ao tempo de aprobarse o proxecto de división entre os socios do activo resultante.

Con respecto ao pago da cota de liquidación (art 394) transcorrido o termo para impugnar o balance final de liquidación sen que contra el formuláronse reclamacións ou fóra firme a sentenza que as resolveu, procederáse ao pago da cota de liquidación aos socios. Cando existan créditos non vencidos asegurárase previamente o pago.

RÉXIME DE LIQUIDACIÓN

En primeiro lugar, cabe indicar, que o non previsto nesta Lei, na normativa autonómica aplicable, nin nos seus Estatutos sobre o réxime do dereito de separación, disolución, liquidación e extinción, estarase ao previsto no Código Civil sobre a sociedade civil, salvo o réxime de liquidación, que se someterá ao disposto no artigo 97, e na súa falta, o

Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo. Por tanto, tal e como indica acertadamente F. A. Castelo Branco, a liquidación haberá de ter en conta:

Os Estatutos, aos que remite expresamente a LRJSP, determinan que deberá establecerse no proxecto presentado para a disolución a metodoloxía e criterios a seguir para o cálculo da cota de liquidación dos membros así como as disposicións relativas á reversión de bens utilizados.

1. Os Estatutos adoitan establecer, nos casos en que teñen previsións respecto diso, unha regra principal, e é que o haber resultante da liquidación repartirase entre os membros do mesmo en proporción ao importe das súas achegas para o que é relevante o disposto, a estes efectos, polo artigo 122.3 da LRJSP.
2. Esíxese acordo da mancomunidade respecto da forma e condicións en que terá lugar o pago da cota de liquidación no suposto en que esta resulte positiva (artigo 127.4 LRJSP e 14.4 Lei 15/2014) e a aprobación do balance da liquidación (artigo 390 RD Lexislativo 1/2010).
3. En defecto do previsto no artigo 127 LRXSP e os Estatutos serán de aplicación as previsións establecidas no artigo 97 LRXSP.
4. No non previsto, será aplicable o RD Lexislativo 1/2010 (LSC).

A disolución produce a súa liquidación e extinción. En todo caso será causa de disolución que os fins para os que foi creada fosen cumpridos.

O máximo órgano de goberno ao adoptar o acordo de disolución nomeará un liquidador. O liquidador calculará a cota de liquidación que corresponda a cada membro de conformidade co previsto nos estatutos. Se non estivese previsto nos estatutos, calcularase a mencionada cota de acordo coa participación que lle corresponda no saldo resultante do patrimonio neto tras a liquidación, tendo en conta que o criterio de repartición será o disposto nos estatutos. Cabe destacar neste punto, que o liquidador é unha persoa xurídica e por iso enúncianse as responsabilidades do empregado público encargado da liquidación no artigo 127.2 in fine LRJSP.

En todo caso, apuntar que na Lei de sociedades de capital recóllense as funcións do liquidador. As funcións dos liquidadores son, pois, como as dos administradores, funcións de simple administración e de representación, aínda que dirixidas á extinción das relacións xurídicas cos terceiros e cos socios.

A falta de previsión estatutaria, teranse en conta tanto a porcentaxe das achegas que efectuase cada membro ao fondo patrimonial do mesmo como o financiamento concedido cada ano. Se algún dos membros non houber realizado achegas por non estar obrigado a iso, o criterio de repartición será a participación nos ingresos que, no seu caso, recibise durante o tempo que pertenceu no consorcio.

Acordarase pola mancomunidade a forma e condicións en que terá lugar o pago da cota de liquidación no suposto en que esta resulte positiva.

As entidades poderán acordar, coa maioría que se estableza nos estatutos, ou a falta de previsión estatutaria por unanimidade, a cesión global de activos e pasivos a outra entidade do sector público xuridicamente adecuada coa finalidade de manter a continuidade da actividade e alcanzar os obxectivos do consorcio que se extingue. Esta subrogación non alterará as condicións financeiras das obrigacións asumidas nin poderá ser entendida como causa de resolución das relacións xurídicas.

OITAVA. No escrito do Concello de Oleiros de data de recepción no Consorcio o 19.06.2020 fanse varias apreciacións.

- **En primeiro lugar se indica en relación co artigo 5 dos Estatutos que non se entrou a valorar a fórmula da mancomunidade e que pode servir para calquera outro servizo.**

Consta no expediente documentación elaborada por Gael Sánchez Rivas e o seu equipo colaborador, Terravanza, para a xestión conxunta de servizos no Consorcio As Mariñas e así se deu traslado aos concellos. Tal e como consta na memoria que se xuntou no expediente.

Na documentación que obra no expediente se deu traslado da posibilidade de ampliar o catálogo de servizos e actuacións, non obstante, se recomendou en todo momento a simplicidade e idoneidade de simplificar esta tramitación actual mantendo unicamente as competencias propostas no borrador de estatutos, deixando para unha segunda fase a ampliación das competencias.

Proporáse á comisión xestora que manteña esta recomendación e que estableza un prazo para a adopción de novas competencias de acordo coa documentación que obra no expediente.

- **Na consideración terceira do escrito de Oleiros, se solicita que se estude a posibilidade de cambiar o réxime de gobernanza** establecido no artigo 9 do borrador dos estatutos en relación co artigo 154 dos mesmos.

Esta secretaría, xunto coa xerencia e intervención estableceron varias posibilidades nun documento que se xunta a este informe. En todo caso, a proposta presentada é perfectamente viable e axustada a dereito.

- **Hai referencias á aspectos formais como son a periodicidade dos plenos.**

Corrixíuse a redacción e tamén se corrixiu a numeración do documento para eliminar artigos “bis”.

- **En relación coa figura do xerente**, recomendo que continúe a delimitación de funcións, aínda que corrixindo as apreciacións en torno ao artigo 16.1 h).

Recomendo tamén que se acorde por parte da xestora o impulso ao órgano competente do Consorcio para a redacción do inventario de bens e a RPT.

O resto de consideracións se corrixirán na medida do posible, non obstante, algunhas referencias a opinións non son tales xa que son citas de sentenzas sobre o réxime xurídico anterior e hai existencia de litixiosidade sobre asunto, toda vez que se trata dunha memoria e pode conter opinións, por outra banda se aceptan algunhas suxestións en canto a motivación na memoria e se tomarán en conta en relación co persoal. A maiores, a autonomía local da mancomunidade e a posibilidade de contar coa potestade sancionadora fan mellorar a xestión a eficiencia e eficacia do ente. Consta claramente xustifico que a transformación en mancomunidade é posible legalmente e debe de terse en conta as apreciacións verquidas en relación con natureza do acto que estamos a realizar, toda vez que se xustificou a idoneidade do cambio.

CONCLUSIÓN.

Por todo o indicado e tendo en conta que o contido dos estatutos propostos se axustan á legalidade e unha vez

corrixidos determinados aspectos de acordo co expresado na consideración oitava deste informe, así como o contido da documentación que consta no expediente e que xustifica a motivación do cambio de réxime xurídico, a súa conveniencia e oportunidade así como eficacia e eficiencia nos recursos municipais e a non existencia de duplicidades, informo favorablemente o mesmo.

Recomendo á vez que se inicie polo órgano oportuno do Consorcio os trámites para a redacción do inventario de bens e da RPT e que se explicita un acordo expreso determinando prazos para a modificación dos mesmos para asumir novos servizos.

O que informo aos efectos oportunos.

Bergondo a 14 de setembro de 2020

O secretario do consorcio
Adrián J. Márquez Caramés

ASUNTO: INFORME PLAN COORDINADOR DE SERVIZOS SOCIAIS

Miguel Ángel Sandar Picado, xerente do Consorcio As Mariñas, INFORMA,

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O Plan Coordinador de Servizos Sociais é aprobado polo Pleno do Consorcio As Mariñas en xuño de 2002, iniciándose o desenvolvemento de servizos compartidos o 15 de xullo de 2002. Ten o seu xerme no Gabinete de Inserción Sociolaboral, integrado por algúns dos concellos que integran na actualidade o Consorcio, que desenvolveu durante varios anos un traballo en común dirixido a acadar a inserción daqueles colectivos con maiores dificultades no acceso ao mundo laboral.

Ao longo destes case dezaioito anos o Plan Coordinador de Servizos Sociais pasou por distintas etapas, nas que a súa estrutura e actividade foi desenvolvéndose cunha gran capacidade de adaptación aos medios cos que se contaba e ás novas necesidades sociais que se detectaban, mantendo, non obstante, unha estrutura e uns servizos estables que nos permiten chegar, a día de hoxe, cunha plataforma sólida que xustifica a súa existencia, con mais sentido que nunca, no actual contexto socioeconómico.

As claves coas que nace o plan: sustentabilidade, eficacia e calidade, teñen unha vixencia plena e marcan o camiño das políticas sociais dende o local.

A clave do Plan Coordinador de Servizos Sociais é o traballo intermunicipal en común baseado nunha serie de fundamentos:

- A superación dos localismos na búsqueda de horizontes comúns.
- O mellor aproveitamento das sinerxias que se poidan crear.
- A homoxeneización e o aumento na oferta de servizos nunha mesma área xeográfica.
- Os beneficios dos fluxos de información e formación.
- A maior posibilidade de atopar novos recursos e de xestionar mellor os existentes.
- A capacidade de transmitir e compartir experiencias novedosas e boas prácticas.
- A posibilidade de observar a evolución das necesidades sociais.
- A posibilidade dunha maior promoción da iniciativa social.

As liñas de traballo actuais pasan por dous servizos consolidados e cunha grande demanda dende os concellos como son o Servizo de Asesoría Xurídica Social Especializada e o Gabinete de Inserción Sociolaboral. Ambos son a base do traballo desenvolto no Plan Coordinador.

SEGUNDO.- O Plan Coordinador é unha responsabilidade da Comisión de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas. As liñas de política social son marcadas dende a Comisión e impulsadas polo responsable político que ten a responsabilidade da dirección, súmanse as aportacións feitas por parte da Mesa Técnica, órgano estable, no que están representados, a través do persoal técnico, todos os equipos dos Servizos Sociais Comunitarios de cada un dos concellos.

O equipo técnico do Plan é quen desenvolve as liñas de traballo marcadas dende o ámbito político, enriquecidas e perfiladas coas aportacións técnicas realizadas dende a mesa integrada polo persoal dos distintos concellos. O equipo técnico do Plan está integrado polas profesionais que desenvolven os dous servizos básicos do Plan: a Asesoría Xurídica Social Especializada e o Gabinete de Inserción Sociolaboral.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- A Lei 7/1985 de bases do réxime local recolle a competencia municipal no seu artigo **25.2 e): Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de**

exclusión social.

Posteriormente, no seu artigo 27.1. reflicte que o Estado e as Comunidades Autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nos Municipios o exercicio das súas competencias.

E no seu artigo 27.3 indica que, co obxecto de evitar duplicidades administrativas, mellorar a transparencia dos servizos públicos e o servizo á cidadanía e, en xeral, contribuír aos procesos de racionalización administrativa, xerando un aforro neto de recursos, a Administración do Estado e as das Comunidades Autónomas poderán delegar, seguindo criterios homoxéneos, entre outras, as seguintes competencias: **c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.**

SEGUNDA. A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local. Na súa disposición adicional cuarta recolle a Asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais:

“1. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto na mesma.”

TERCEIRA. O Decreto 99/2012, de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento afirma:

Artigo 25. Natureza dos servizos sociais comunitarios específicos.

1. De conformidade co artigo 12 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, os servizos sociais comunitarios específicos desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado.
2. Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos ou problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.
3. Os centros correspondentes a esta modalidade de servizos poden, ademais, dar resposta a situacións nas que se precisa un espazo de tránsito a un servizo social especializado ou, de maneira inversa, un espazo de tránsito desde os servizos sociais especializados, ou desde calquera outra institución ou sistema público, á plena integración na comunidade.
4. **Os servizos sociais comunitarios específicos, atendendo a criterios de equidade territorial e de rendibilidade social, poderán ter un carácter supramunicipal,** de acordo coa planificación e ordenación do sistema galego de servizos sociais regulado no título IV da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.
5. Regulamentariamente estableceranse os requisitos concretos dos diferentes centros de servizos sociais comunitarios específicos, así como o réxime de garantía e control a que estean suxeitos.

Artigo 26. Funcións dos servizos sociais comunitarios específicos.

No marco do establecido con carácter xeral no artigo 13 da Lei 13/2008, son funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos as seguintes:

- a) A xestión de centros de inclusión e emerxencia social tipificados regulamentariamente, tales como albergues, centros de acollida, comedores sociais, centros de atención continuada e centros de día de inclusión social.
- b) **A xestión de programas enfocados á prevención e á atención de persoas en risco de exclusión mediante equipos de inclusión sociolaboral e proxectos específicos enfocados, entre outros, a persoas perceptoras de rendas mínimas de inserción, persoas sen fogar, inmigrantes, emigrantes retornados, comunidade xitana e outras minorías socialmente vulnerables.**
- c) A atención de persoas maiores ou con limitacións na súa autonomía mediante centros de día e outros servizos de atención diúrna ou nocturna.

- d) A atención de persoas con discapacidade a través de centros ocupacionais, así como o apoio psicosocial e familiar vinculado á atención temperá.
- e) A atención de persoas maiores en equipamentos e servizos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e a promoción da autonomía persoal.
- f) A atención da primeira infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar.
- g) O asesoramento, atención e orientación prestada a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.
- h) A atención a menores de idade en situación de risco ou conflito social, mediante equipamentos e programas orientados a atención psicosocial, intervención socioeducativa, actividades de tempo libre, promoción de hábitos saudables, formación en habilidades sociais ou outros que contribúan á súa integración familiar e comunitaria.
- i) A xestión de calquera outro equipamento que favoreza un ámbito de convivencia alternativa nos casos de necesidade temporal tecnicamente valorada.
- j) A xestión doutros equipamentos sociais non residenciais destinados ao desenvolvemento de programas para sectores de poboación con necesidades sociais diferenciadas que posibiliten o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

Artigo 28. Criterio xeral de competencia. **Os servizos sociais comunitarios básicos e específicos son de competencia municipal, nos termos establecidos no título VII da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.**

Artigo 29. Servizos sociais mínimos garantidos polos concellos.

1. De conformidade co establecido no artigo 61 da Lei de servizos sociais de Galicia, todos os concellos galegos contarán con servizos sociais comunitarios básicos.
2. Sen prexuízo do anterior, conforme ao artigo 60.2 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e no marco da planificación xeral aprobada pola Xunta de Galicia e dos criterios de dotación por tipo de área territorial definidos neste decreto, poderán establecerse acordos de agrupación de concellos para compartir e mellorar a eficiencia da actuación do persoal técnico ou dos programas desenvolvidos neste nivel de atención.

Artigo 30. Competencias e xestión coordinada dos servizos sociais comunitarios específicos.

1. Os concellos de Galicia desenvolverán e xestionarán, por si mesmos ou asociados, centros ou programas de servizos sociais comunitarios específicos.
2. Ademais, co fin de facilitar a calidade e cobertura equilibrada de servizos en todo o territorio, e de conformidade co artigo 64 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, a Xunta de Galicia promoverá, mediante fórmulas de colaboración interadministrativa, a xestión dos centros e servizos sociais comunitarios específicos que se determine na planificación do sistema galego de servizos sociais.

CUARTA.- Non existen duplicidades na prestación dos servizos cos concellos, partindo a intervención técnica dos equipos do Consorcio As Mariñas da previa derivación dos servizos sociais dos concellos das persoas usuarias, segundo consta nos informes remitidos polos concellos que acreditan a non existencia de duplicidade (Anexo I).

Por outro lado, o equipo de inserción sociolaboral, está a traballar en coordinación coa Dirección Xeral de Inclusión Social como equipo colaborador na elaboración e seguimento dos convenios de inclusión sociolaboral do tramo de inserción das persoas beneficiarias da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), axustándose as accións que se desenvolven ao establecido no Decreto 14/2019 de 31 de xaneiro de desenvolvemento da Lei 10/2013 de 27 de novembro de inclusión social de Galicia.

QUINTA.- Dos datos de atención dos servizos especializados que se prestan obsérvase que o número de persoas atendidas mantense ao longo do periodo seleccionado referido aos últimos cinco anos. Incluso coa separación do concello de Arteixo e a conseguinte reestructuración dos servizos o nivel de actividade se mantén en numéricas similares.

ASESORÍA XURÍDICA SOCIAL ESPECIALIZADA					
	2015	2016	2017	2018	2019
Abegondo	43	30	26	37	37
Arteixo	105	112	74		
Bergondo	44	46	40	50	45
Betanzos	49	63	64	74	68
Cambre	137	161	147	159	145
Carral	37	45	37	33	53
Culleredo	118	146	111	130	166
Oleiros	121	132	120	160	137
Sada	74	70	66	98	106
	728	805	685	741	757

O equipo de asesoría xurídica social especializada está integrado por tres asesoras xurídicas e unha auxiliar administrativa, financiadas a través dun convenio nominativo coa Deputación Provincial da Coruña (soldos e salarios de dúas asesoras xurídicas e a auxiliar administrativa) e a través de subvención da Dirección Xeral de Inclusión Social (50% de soldo e salario dunha asesora xurídica para trámites exclusivos de estranxeiría).

GABINETE DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL					
	2015	2016	2017	2018	2019
Abegondo	61	64	44	49	52
Arteixo	174	200	112		
Bergondo	61	72	56	50	58
Betanzos	159	177	78	83	108
Cambre	260	305	240	259	310
Carral	77	83	91	60	65
Culleredo	138	167	142	135	164
Oleiros	159	197	169	146	170
Sada	201	213	104	129	155
	1290	1478	1036	911	1082

O equipo técnico de inserción sociolaboral está composto por unha psicóloga e unha técnica de inserción financiadas a través de subvención da Dirección Xeral de Inclusión Social.

FORMACIÓN EN BRIGADAS E A MEDIDA					
	2015	2016	2017	2018	2019
Abegondo		6	7	6	6
Arteixo	5				
Bergondo	14	5			
Betanzos	5	8	7	7	6
Cambre	5	8	5	4	7
Carral					
Culleredo	8	9	7	6	6
Oleiros	8	7	9	5	5
Sada		4	5		
	45	47	40	28	30

O equipo técnico que atende a formación en brigadas e formación a medida destinada a persoas con discapacidade está integrado por catro (4) preparadoras laborales.

Desde o Consorcio As Mariñas estase a proporcionar aos oito concellos servizos especializados que os concellos non están na obriga de ofrecer individualmente pero dos que dispoñen grazas ao sistema articulado a través do Consorcio As Mariñas e do seu Plan Coordinador de Servizos Sociais. Deste xeito afórrase un equipo en cada un dos concellos integrantes do Consorcio.

SEXTO.- Atendendo ás liñas de subvención que recibe o Plan Coordinador de Servizos Sociais e considerando que algunhas delas non son accesibles aos concellos de xeito individual, esta financiación supón arredor do 50% da custo do servizo, quedando dese xeito acreditado o aforro que supón para os concellos.

CONCLUSIÓN

Os servizos sociais comunitarios específicos que se prestan na actualidade e que pretende prestar a mancomunidade (información, orientación e apoio xurídico a persoas en situación ou en risco de exclusión social e a valoración, información, orientación e acompañamento a persoas en situación ou risco de exclusión social, en itinerarios de inserción social) son unha necesidade demandada polos concellos e un servizo complementario e específico dos existentes a nivel municipal, sen existencia de duplicidades.

O cambio de forma xurídica de Consorcio a Mancomunidade non suporía variación algunha nos custos do servizo.

En Bergondo, na data de sinatura dixital que consta no documento.



C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

M^a Belén Taboada Fiaño, responsable técnica da área de servizos sociais do concello de Abegondo, por medio da presente DECLARO QUE:

Dentro das competencias en materia de servizos sociais recollidas nos artigos 25.e e 26. 1 c da lei de bases de réxime local o concello de Abegondo non presta o servizo de información, orientación e apoio de carácter xurídico a persoas en situación ou en risco de exclusión social, nin o servizo de valoración, información, orientación e acompañamento en itinerarios personalizados de inserción sociolaboral a persoas en situación ou risco de exclusión social, **que ven sendo prestado polo Consorcio As Mariñas**

Abegondo, 14 de setembro de 2015

A Coordinadora de Servizos Sociais



M^a Belén Taboada Fiaño



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

M^a Luisa Vázquez Vázquez, técnica de apoio social dos Servizos Sociais do Concello de Bergondo, por medio da presente DECLARO QUE:

Dentro das competencias en materia de servizos sociais recollidas nos artigos 25.e e 26.1c da lei de bases de réxime local o concello de Bergondo non presta os seguintes servizos sociais comunitarios específicos segundo a Lei 3/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia:

- 1) **Servizo social comunitario específico de asesoría xurídica** (información, orientación e apoio de carácter xurídico a persoas en risco de exclusión social)
- 2) **Servizo social comunitario específico de Gabinete de Inserción Socio-Laboral** (valoración, orientación e acompañamento en itinerarios personalizados de inserción sociolaboral, formación a medida en empresa, formación en espazos protexidos, etc, con persoas en risco de exclusión social).

Estes servizos veñen sendo prestados na actualidade polo Consorcio As Mariñas.

Bergondo, 15 de setembro de 2015

A técnica de apoio social

M^a Luisa Vázquez Vázquez



*

MERCEDES GARCÍA TREGO, responsable técnico/a da área de
servizos sociais do concello de BETANZOS, por medio da presente
DECLARO QUE:

Dentro das competencias en materia de servizos sociais recollidas nos artigos
25.e e 26. 1 c da lei de bases de réxime local o concello de BETANZOS
non presta o servizo de información, orientación e apoio de carácter xurídico a
persoas en situación ou en risco de exclusión social, nin o servizo de valoración,
información, orientación e acompañamento en itinerarios personalizados de
inserción sociolaboral a persoas en situación ou risco de exclusión social, **que**
ven sendo prestado polo Consorcio As Mariñas

Betanzos, 14 de setembro de 2015

A/O técnica/o




[Handwritten signature]

Romina Galán Iglesias, coordinadora de servizos sociais en funcións do concello de Cambre, por medio da presente DECLARO QUE:

Dentro das competencias en materia de servizos sociais recollidas nos artigos 25.e e 26. 1 c da lei de bases de réxime local o concello de Cambre non presta o servizo de información, orientación e apoio de carácter xurídico a persoas en situación ou en risco de exclusión social, nin o servizo de valoración, información, orientación e acompañamento en itinerarios personalizados de inserción sociolaboral a persoas en situación ou risco de exclusión social, **que ven sendo prestado polo Consorcio As Mariñas**

Cambre, 14 de setembro de 2015

A coordinadora de servizos sociais en funcións



Romina Galán Iglesias



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

Nuria Aradas Carollo, responsable técnica da área de servizos sociais do concello de Carral, por medio da presente

Declaro que:

Dentro das competencias en materia de servizos sociais recollidas nos artigos 25.e e 26.1c da lei de bases de réxime local, o concello de Carral non presta o servizo de información, orientación e apoio de carácter xurídico a persoas en situación ou en risco de exclusión social, nin o servizo de valoración, información, orientación e acompañamento en itinerarios personalizados de inserción sociolaboral a persoas en situación ou risco de exclusión social, **que veñen sendo prestados polo Consorcio As Mariñas.**

Carral, 14 de setembro de 2015





CULLEREDO
CONCELLO

(R.E.L. 01150315)

Maria José Cagiao Vila , xefa de servizo de Benestar social e responsable técnica dos servizos sociais do concello de Culleredo ,

INFORMO,

que , no marco das competencias en materia de servizos sociais recollidas nos *artigos 25.e e 26. 1 c* da vixente *Lei de bases de réxime local* o concello de Culleredo non presta na actualidade **un servizo comunitario específico de asesoría xurídico-social** dirixido a persoas en situación ou en risco de exclusión social que conte con recursos humanos asignados e formados en exclusividade a este efecto, nin **un servizo comunitario específico de inserción sociolaboral para persoas en situación de vulnerabilidade ou de exclusión social** con perfís profesionais exclusivamente formados e adicados á valoración, orientación e acompañamento mediante itinerarios personalizados con metodoloxía de *emprego con apoio* e outras especialmente adaptadas a estes colectivos.

Todo ilo aos efectos da continuidade dos **servizos sociais comunitarios específicos de Asesoría xurídico-social e Gabinete de inserción socio-laboral** que veñen sendo prestados ata hoxe polo Consorcio As Mariñas

Culleredo, 15 de setembro de 2015

C.I.F. P-1503100-H



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS

Susana Varela García, coordinadora do Departamento de Servizos Sociais Concello de Oleiros, por medio da presente **DECLARO QUE:**

Dentro das competencias en materia de servizos sociais recollidas nos artigos 25.e e 26. 1 c da lei de bases de réxime local o Concello de Oleiros non presta o servizo de información, orientación e apoio de carácter xurídico a persoas en situación ou en risco de exclusión social, nin o servizo de valoración, información, orientación e acompañamento en itinerarios personalizados de inserción sociolaboral a persoas en situación ou risco de exclusión social, **que ven sendo prestado polo Consorcio As Mariñas**

Oleiros, 14 de setembro de 2015


A coordinadora de Servizos Sociais

Susana Varela García



ANA CEBAS GARCIA, responsable técnico/a da área de
servizos sociais do concello de SADA, por medio da presente
DECLARO QUE:

Dentro das competencias en materia de servizos sociais recollidas nos artigos
25.e e 26. 1 c da lei de bases de réxime local o concello de SADA
non presta o servizo de información, orientación e apoio de carácter xurídico a
persoas en situación ou en risco de exclusión social, nin o servizo de valoración,
información, orientación e acompañamento en itinerarios personalizados de
inserción sociolaboral a persoas en situación ou risco de exclusión social, **que
ven sendo prestado polo Consorcio As Mariñas**


_____, 14 de setembro de 2015

A/O técnica/o